Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 2 máis

Sobre a avaliación polo Goberno galego da superficie de produción afectada pola sarabia do mes de xullo na comarca da Limia e a adopción das medidas necesarias para paliar os seus efectos

- 24354 - 18548 (10/PRE-007524)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a denuncia dunha xornalista do programa "A tarde," da Radio Galega, referida ás instrucións recibidas respecto da redacción da súa nova en relación cunha operación contra o terrorismo xihadista en Marrocos e Sevilla

- 24353 - 18747 (10/PRE-007526)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 13 máis

Sobre a información emitida pola CRTVG en relación coa vaga de incendios rexistrada en Galicia o día 15 de outubro de 2017

- 24352 - 18882 (10/PRE-007527)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as imaxes emitidas no Telexornal Mediodía da TVG en relación co desenvolvemento da sesión plenaria do Parlamento de Galicia do día 17 de outubro de 2017

- 24348 - 20087 (10/PRE-007528)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a incidencia que vai ter o proceso de dixitalización da RTVG na situación e condicións laborais do colectivo de operadores e montadores de vídeo

- 24347 - 20088 (10/PRE-007529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co tratamento informativo dado nos medios de comunicación públicos de Galicia aos casos de falsidade documental e corrupción

- 24644 - 23559 (10/PRE-007611)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a posta en funcionamento do novo servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 24550 - 20910 (10/PRE-006320)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para protexer a praia das Catedrais, no concello de Ribadeo, da masificación de visitantes

O que lle comunico para o seu coñecemento.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1.º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.5. Axudas, bolsas e premios

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 5 de febreiro de 2018, polo que se anuncia a convocatoria para a concesión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión do 5 de febreiro de 2018, resolveu anunciar a convocatoria para a concesión de 7 bolsas formativas co obxecto de realizar unha formación práctica nas materias de arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións, recursos técnicos e contratación e xestión parlamentaria, e 1 bolsa de formación de asistencia administrativa e servizos comúns para persoas con discapacidade intelectual.

BASES

Primeira. Obxecto

O obxecto da convocatoria é a concesión das seguintes bolsas:

— Sete bolsas individuais para contribuír á formación práctica de persoas con titulación universitaria, co seguinte detalle:

- a) 2 bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación.
- b) 1 bolsa de formación en comunicación institucional.
- c) 2 bolsas de formación en publicacións.
- d) 1 bolsa de formación en recursos técnicos e contratación.
- e) 1 bolsa de formación en xestión parlamentaria.

— Unha bolsa de formación de asistencia administrativa e servizos comúns para persoas con discapacidade intelectual co fin de contribuír á formación practica dos que rematasen os estudos obrigatorios.

Segunda. Condicións xerais

- 1. As bolsas serán indivisibles e improrrogables.
- 2. A concesión e o gozo da bolsa non supoñerá vinculación civil, laboral ou funcional entre a persoa bolseira e o Parlamento de Galicia ou a súa administración.
- 3. A estas bolsas non lles será aplicable o Estatuto do persoal investigador en formación.

Terceira. Duración e contía

1. As bolsas terán unha duración de doce meses.

A data do seu inicio comunicaráselles ás persoas beneficiarias simultaneamente á súa concesión.

2. A contía total de cada bolsa será de 12.000 euros (doce mil euros) brutos, que se percibirán logo de finalizado cada mes do prazo da súa duración, a razón de 1.000 euros (mil euros) e que estarán suxeitos á retención que legalmente proceda.

Caso de producirse o inicio ou a fin da actividade formativa en día distinto ao primeiro ou último do mes, respectivamente, a persoa bolseira percibirá a asignación proporcional ao número de días do mes en que desenvolva a formación.

3. Mensualmente, a persoa responsable da unidade correspondente da Administración do Parlamento de Galicia emitirá certificación acreditativa do cumprimento por parte da persoa bolseira das obrigas a que se refiren os puntos 2.c), 2.d), 2.e) e 2.f) da base décimo cuarta.

4. Así mesmo, as persoas beneficiarias da bolsa contarán coa cobertura outorgada pola Seguridade Social segundo a normativa vixente en cada momento e dentro dos requisitos e condicións propios deste tipo de bolsas. Para a bolsa de formación de asistencia administrativa e servizos comúns para persoas con discapacidade intelectual, no caso de non contar cunha titulación de formación profesional ou superior, o Parlamento de Galicia subscribiralle un seguro de previsión social.

Cuarta. Requisitos das persoas solicitantes das bolsas de formación de arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións, recursos técnicos e contratación, e xestión parlamentaria.

Poden solicitar a concesión das bolsas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser española ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas

b) Posuír as seguintes titulacións universitarias:

1) Bolsas de arquivo, biblioteca e documentación: grao ou licenciatura universitaria en Documentación, grao en Información e Documentación ou diplomatura en Biblioteconomía e Documentación.

2) Bolsa de comunicación institucional: grao ou licenciatura universitaria en Xornalismo, Publicidade e Relacións Públicas ou Comunicación Audiovisual.

3) Bolsas de publicacións: grao ou licenciatura universitaria en Tradución e Interpretación, na que a lingua de orixe principal da súa combinación lingüística (1ª lingua ou lingua A1) sexa a lingua galega, ou grao ou licenciatura en Filoloxía Galega.

4) Bolsa de recursos técnicos e contratación: grao en Arquitectura ou Arquitectura Técnica, en Enxeñería de Tecnoloxía Industrial ou Enxeñería en Organización Industrial.

5) Bolsa de xestión parlamentaria: licenciatura ou grao en Dereito, en Ciencias Políticas e da Administración, ou grao en Dirección e Xestión Pública.

c) As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2011-2012 ou en anos posteriores, o cal deberá acreditarse antes de que remate o prazo de presentación das solicitudes.

d) Acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

e) Non resultar beneficiaria dunha bolsa en convocatorias anteriores no Parlamento de Galicia nin estar en ningunha das situacións indicadas na cláusula décimo cuarta.1 destas bases.

Quinta. Requisitos das persoas solicitantes da bolsa de formación de asistencia administrativa e servizos comúns para persoas con discapacidade intelectual.

a) Ser española ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas.

b) Ter recoñecida oficialmente unha discapacidade intelectual en grao igual ou superior ao 33 % e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

c) Idade: ter feitos os dezaseis anos.

d) Acreditar ter superada a escolaridade obrigatoria requirida no sistema educativo español segundo o correspondente plan de estudos no ano académico 2011-2012 ou en anos posteriores, o cal deberá de acreditarse antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

e) Non resultar beneficiaria dunha bolsa en convocatorias anteriores no Parlamento de Galicia nin estar en ningunha das situacións indicadas na cláusula décimo cuarta.1 destas bases.

Sexta. Formalización das solicitudes

1. As solicitudes axustaranse ao modelo de instancia que se achega como anexo I, que estará á disposición das persoas interesadas no enderezo da Internet *www.parlamentodegalicia.gal*, e no Rexistro do Parlamento de Galicia (rúa do Hórreo, s/n, 15701 Santiago de Compostela - A Coruña) en horario de 9.30 a 14.00 e de 16.30 a 18.30 de luns a venres, e os sábados de 10.00 a 13.00 horas.

Presentaranse no Rexistro da Cámara ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No suposto de que non se presenten no Rexistro da Cámara, deberá enviarse, dentro do prazo de presentación, unha comunicación por correo electrónico (*servizo.persoal.ri@parlamentodegalicia.gal*), na que se detalle o medio utilizado de presentación, segundo o modelo que consta no anexo VII.

2. O prazo de presentación de instancias será de quince días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. As persoas interesadas poderán consultar as bases da convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Sétima. Documentación que se deberá achegar coas solicitudes para as bolsas de formación de arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións, recursos técnicos e contratación e xestión parlamentaria.

a) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou documento de identificación de estranxeiría.

b) Documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

c) Certificación académica (orixinal ou copia compulsada) na que expresamente conste a data de iniciación e terminación dos estudos, as cualificacións obtidas e a nota media do expediente académico, na escala numérica de 0 a 10, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

As persoas solicitantes que cursasen os seus estudos en universidades non pertencentes ao Sistema universitario de Galicia e posúan a referida certificación e documentación académica nun idioma distinto do galego ou do castelán deberán achegar a correspondente tradución xurada.

d) Relación dos méritos académicos e profesionais que o solicitante somete a valoración consonte estas bases, para o cal será imprescindible axustarse ao modelo que figura no anexo II.

No referido ao coñecemento de idiomas estranxeiros acreditarase, mediante o correspondente certificado oficial expedido pola Escola Oficial de Idiomas ou institucións ou centros recoñecidos oficialmente, segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa (MCERL).

Nas epígrafes referidas a informática, cursos de formación e idiomas relacionados co obxecto destas bolsas non se valorarán aqueles que forman parte da puntuación co que se determina a nota media dos estudos académicos presentados.

No caso de que existan méritos que poidan valorarse en diferentes apartados só se valorarán no que máis beneficioso resulte.

e) Acreditación documental fidedigna de méritos e actividades alegados na alínea anterior.

f) Declaración xurada segundo o anexo IV.

Esta documentación deberase presentar ordenada segundo o esquema de epígrafes do modelo utilizado na alínea anterior, debidamente paxinada e acompañada dun índice. Non se valorarán aqueles méritos que non estean debidamente acreditados.

Oitava. Documentación a achegar coas solicitudes para a bolsa de formación de asistencia administrativa e servizos comúns para persoas con discapacidade intelectual.

a) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou documento de identificación de estranxeiría.

b) Certificación ou copia compulsada do título de escolaridade obrigatoria (ESO) requirida no sistema educativo español segundo o correspondente plan de estudos.

c) Copia compulsada do certificado de discapacidade e ditame técnico facultativo que acredite que ten recoñecida oficialmente unha discapacidade intelectual en grao igual ou superior ao 33 % e a compatibilidade co desempeño das tarefas propias da formación da bolsa.

Para o caso de non quedar acreditado suficientemente o grao de discapacidade intelectual, este poderá ser comprobado polo Parlamento de Galicia ante os órganos da Administración responsables de emitir o dito certificado e ditame, para o cal a persoa aspirante deberá marcar na solicitude o correspondente recadro de autorización.

d) Relación dos méritos académicos que a persoa solicitante somete a valoración consonte estas bases, para o cal será imprescindible axustarse ao modelo que figura no anexo III.

No referido ao coñecemento de idiomas estranxeiros acreditarase, mediante o correspondente certificado oficial expedido pola Escola Oficial de Idiomas ou institucións ou centros recoñecidos oficialmente, segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa (MCERL).

Nas epígrafes referidas a informática, cursos de formación e idiomas relacionados co obxecto destas bolsas non se valorarán aqueles que forman parte da puntuación co que se determina a nota media dos estudos académicos presentados.

No caso de que existan méritos que poidan valorarse en diferentes apartados só se valorarán no que máis beneficioso resulte.

e) Acreditación documental fidedigna de méritos académicos adicionais e experiencia de formación profesional relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación, para o cal será imprescindible axustarse ao modelo que figura no anexo III.

Esta documentación deberase presentar ordenada segundo o esquema de epígrafes do modelo utilizado na alínea anterior, debidamente paxinada e acompañada dun índice. Non se valorarán aqueles méritos que non estean debidamente acreditados.

f) Declaración xurada segundo o anexo IV.

Novena. *Instrución*

1. O Servizo de Persoal e Réxime Interior será a unidade competente para a instrución dos procedementos de concesión das bolsas.

2. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, a Oficialía Maior do Parlamento de Galicia resolverá e publicará na páxina web da Cámara (www.parlamentodegalicia.gal) a relación provisional de persoas aspirantes, nome e apelidos, admitidas e excluídas con indicación da causa de exclusión.

3. De se deber o suposto de exclusión a que a solicitude non reúne os requisitos ou non achega os documentos exixidos, a persoa interesada dispoñerá de dez días hábiles para corrixir a falta ou achegar os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, será considerada desistida da súa petición, logo da resolución que así o declare.

4. Sen prexuízo do disposto no número anterior, poderase requirir a persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento.

5. Unha vez publicada a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, co seu nome e apelidos, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderase implícita na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Esta listaxe publicárase na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal).

6. Aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido a continuación.

Décima. Comisión de valoración

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes de acordo cos criterios fixados nestas bases, así como de propoñer a concesión ou denegación das bolsas ás persoas interesadas.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidente: o presidente do Parlamento de Galicia ou o vicepresidente en quen delegue.

Vogais:

— A secretaria da Mesa do Parlamento de Galicia.

— A persoa responsable, respecto de cada tipo de bolsa, do servizo competente do Parlamento de Galicia na materia obxecto de formación práctica ou a persoa funcionaria do grupo A dese servizo que se designe.

— O letrado oficial maior ou a letrada ou letrado que se designe.

Actuará de secretario o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior ou a persoa funcionaria do grupo A da súa unidade que se designe.

3. A comisión de valoración constituirase na sede do Parlamento de Galicia. Das súas deliberacións e acordos levantarase acta coa sinatura da secretaria ou do secretario e co visto e praxe da presidenta ou do presidente da comisión.

Todos os membros da comisión de valoración terán dereito a voto e os seus acordos adoptaranse por maioría.

Décimo primeira. *Criterios de valoración para as bolsas de formación de arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións, recursos técnicos e contratación, xestión parlamentaria e asistencia administrativa e servizos comúns.*

1. Para a concesión das bolsas realizarase unha comparación entre as solicitudes presentadas e establecerase unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración que a continuación se determinan.

2. A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos acreditados consonte os seguintes criterios:

2.1. Bolsas de arquivo, biblioteca e documentación:

- a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).
- b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).
- c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto).
- d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.2. Bolsa de comunicación institucional:

- a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).
- b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).
- c) Outros estudos e experiencias, relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto).
- d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.3. Bolsas de publicacións:

- a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).

c) Outros estudos e experiencias relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación, especialmente no ámbito da tradución (ata un máximo de 1 punto).

d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.4. Bolsa de recursos técnicos e contratación:

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos):

c) Outros estudos e experiencias relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto).

d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.5. Bolsas de xestión parlamentaria:

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).

c) Outros estudos e experiencias relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto).

d) Coñecementos de idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.6. Bolsa de formación de asistencia administrativa e servizos comúns:

a) Expediente académico (titulación académica superior: grao superior, formación profesional co título de técnico superior; titulación académica de formación de grao medio, bacharelato) (ata un máximo de 8 puntos).

b) Formación académica adicional (galego, idiomas estranxeiros ou cursos relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación) (ata un máximo de 8 puntos).

c) Por experiencias de traballo desenvolto, e/ou formación profesional relacionado coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 4 puntos).

Décimo segunda. *Procedemento e proposta da comisión de avaliación*

1. Unha vez rematado o proceso de avaliación dos méritos dos solicitantes, a comisión de avaliación confeccionará unha lista coa puntuación dos candidatos ordenada de maior a menor, segundo a súa puntuación, e determinará na proposta que lle elevará á Mesa do Parlamento as persoas que resulten beneficiarias e as listas de reserva para o caso de non aceptación ou renuncia dalgunha delas.

2. Á vista da proposta da comisión de avaliación, a Mesa do Parlamento de Galicia acordará resolver a concesión das bolsas, na que constará a relación cos datos identificativos dos beneficiarios e dos suplentes coas puntuacións acadadas, se os houber, ou a declaración de deserta dalgunha bolsa ou da súa totalidade, e ordenará a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, co que se dará así por cumprido o trámite de notificación, sen prexuízo das comunicacións individuais que se lles efectúen ás persoas beneficiarias polos medios telemáticos que se empreguen.

Contra este acordo, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición perante a Mesa do Parlamento, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación.

5. As persoas solicitantes non beneficiarias dispoñerán dun prazo de dous meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para recuperar a documentación presentada. Rematado o devandito prazo a documentación non retirada será destruída.

Décimo terceira. *Aceptación ou renuncia*

1. Publicado e comunicado o acordo da concesión das bolsas, as persoas beneficiarias deberán aceptar ou renunciar no prazo máximo de dez días hábiles, dende o día seguinte a súa publicación segundo o modelo que figura no anexo V. Transcorrido o devandito prazo, se a persoa beneficiaria non se declara en ningún sentido, entenderase que renuncia á bolsa.

2. No caso de que as persoas adxudicatarias non acepten a bolsa ou non poidan incorporarse por calquera outro motivo, poderán ser substituídas polas persoas que figuren na lista de reserva en función da súa puntuación.

As vacantes que puideren existir nalgún tipo de bolsa poderán dar lugar, a criterio da Administración parlamentaria, ao incremento do número do resto de bolsas que rexistrasen maior número de solicitudes, sen que poida superarse o número total de oito bolsas. A súa cobertura, se é o caso, efectuarase seguindo a orde establecida nas correspondentes listas de reserva.

A data de incorporación ao Parlamento de Galicia establecerase na comunicación da concesión da bolsa. Se as persoas adxudicatarias non se incorporan nesa data, perderán os dereitos inherentes á bolsa concedida, agás causa debidamente xustificada do atraso, así apreciada pola Oficialía Maior, que deberá ser alegada e xustificada por escrito no referido prazo. No suposto de incorporación tardía aínda que xustificada, reducirase proporcionalmente o importe da contía que se vai percibir.

3. No caso de renuncia á bolsa durante o desenvolvemento desta, a persoa adxudicataria deberá presentar o correspondente escrito dirixido á Mesa da Cámara segundo o modelo que figura no anexo VI.

A Administración parlamentaria poderá, en función das circunstancias concorrentes, para o período de gozo restante substituíla pola persoa que figure por orde de puntuación na lista de reserva.

Décimo cuarta. *Incompatibilidades, obrigas e cumprimento das persoas bolseiras*

1. Estas bolsas son incompatibles con outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como con soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria da persoa bolseira, ou con calquera tipo de ingresos habituais pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado, agás con aquelas axudas destinadas a cubriren algunha das accións formativas que a persoa bolseira vaia realizar segundo os seus estudos (asistencia a reunións, congresos, seminarios ou cursos de especialización).

2. Obrigas da persoa beneficiaria:

a) A persoa bolseira, polo só feito de solicitar esta bolsa, comprométese a aceptar as bases desta convocatoria e as demais normas que resultan aplicables como consecuencia da súa concesión.

b) Presentar, no prazo de dez días hábiles desde a publicación do acordo de concesión, certificación acreditativa de que non padece enfermidade ou defecto físico que lle impida a realización das tarefas que implican a aceptación da bolsa.

c) Cumprir co programa de formación establecido cuns niveis de rendemento satisfactorios, presentando os traballos, estudos ou informes que lle determine o Parlamento de Galicia. Así mesmo, deberá asistir ás actividades que o Parlamento considere convenientes para a súa formación.

Se por parte do beneficiario dalgunha das bolsas existe interese en asistir a actividades formativas fóra do Parlamento, o interesado deberá cursar petición ao seu responsable de unidade de modo xustificado, explicitando a relación entre a actividade á que pretende concorrer e a bolsa da que goza.

Os responsables de unidade poderán autorizar a súa asistencia de observar que a dita actividade pode complementar a súa formación, sempre que non incorra en ningunha das incompatibilidades previstas no apartado un deste artigo décimo cuarto sobre incompatibilidades, obrigas e cumprimentos das persoas bolseiras.

No caso de asistencia, a persoa interesada deberá posteriormente presentar un informe memoria da actividade formativa.

d) Cumprir as normas de asistencia e realizar a actividade formativa durante os doce meses de duración da bolsa, no horario e no departamento da Administración parlamentaria ou doutro organismo situado en Santiago de Compostela co que poida ter efectuado un convenio o Parlamento de Galicia en cuxo obxecto poida encaixarse a formación práctica deste persoal bolseiro, conforme se lle asigne e con suxeición ás indicacións dos seus responsables. As prácticas terán unha duración semanal de trinta horas.

e) Observar a maior discreción e confidencialidade sobre os documentos e as informacións que puiden coñecer durante o período de duración da bolsa e que non se fixesen públicos.

f) Non ter adquirido nin adquirir durante o período de duración da bolsa ningún compromiso ou obriga que impida o seu cumprimento íntegro, agás renuncia expresa dela.

Décimo quinta. *Propiedade dos traballos*

Os traballos realizados serán de propiedade do Parlamento de Galicia e non poderán ser utilizados polos autores sen a correspondente autorización.

Décimo sexta. *Incumprimento das condicións*

1. A constatación da existencia de ocultación, alteración ou manipulación de datos ou calquera suposto de incumprimento das obrigas ou condicións que motivaron a concesión da bolsa dará lugar á obriga de lle reintegrar ao Parlamento de Galicia as cantidades

percibidas máis os xuros legais que procedan, todo isto sen prexuízo das responsabilidades en que puiden incorrer a persoa beneficiaria.

2. O Parlamento de Galicia reserva para si o dereito de suspender ou, de ser o caso, de revogar o gozo da bolsa no suposto de que a persoa bolseira non realizase o traballo para a súa formación práctica en condicións satisfactorias, cando se deixasen de reunir os requisitos que se esixiron para a súa concesión, faltas de asistencia non xustificadas ou cando se incumprisen, sen causa que o xustifique, as condicións establecidas nestas bases.

Decimo oitava. *Facultades da Presidencia*

Facúltase o presidente do Parlamento de Galicia para ditar as resolucións necesarias para o axeitado desenvolvemento desta convocatoria.

Santiago de Compostela, 5 de Febreiro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Anexo I

MODELO DE INSTANCIA
DATOS PERSOAIS DA PERSOA SOLICITANTE

1º apelido	2º apelido	
Nome	DNI/NIF	Data de nacemento
Domicilio (núm., piso, etc.)		
Localidade Provincia C. P.		
Teléfono / Teléfono móbil		
Correo electrónico (o/a aspirante acepta recibir as comunicacións a través deste medio):		
Discapacidade (%)		

DOCUMENTOS QUE ACHEGA

- ☐ DNI
- ☐ Acreditación de coñecemento de lingua galega (excluídos bolsa de formación de asistencia administrativa e servizos comúns para persoas con discapacidade intelectual.)
- ☐ Certificación do expediente académico
- ☐ Certificados ou documentación acreditativa dos méritos alegados
- ☐ Relación de méritos
- ☐ Declaración xurada segundo anexo IV

☐ Certificacións ou copias compulsadas da documentación requirida no apartado c da base oitava, para a bolsa de formación de asistencia administrativa e servizos comúns para persoas con discapacidade intelectual, con relación á certificación de discapacidade, capacidade funcional e habilitación.

☐ **Autorización:** Os datos relativos ao grao de discapacidade poderán ser cedidos á Xunta de Galicia, coa finalidade de comprobar a concorrencia do requisitos previsto no apartado c) da oitava base.

Expón que desexa obter unha das bolsas para a formación práctica de do Parlamento de Galicia, para o cal fai constar que acepta as bases da convocatoria e que cumpre cos seus requisitos.

, de de 2018

(Sinatura da/do solicitante)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Anexo II

RELACIÓN DE MÉRITOS DA PERSOA SOLICITANTE (para as bolsas que figuran recollidas no apartado 1a), b), c), d), e))

Apelidos:

Nome:

1. Titulación universitaria requirida:

Graduada/o ou licenciada/o ou diplomada/o:

Universidade de:

Data de iniciación da titulación universitaria:.....

Data de obtención da titulación universitaria:

2. Expediente académico:

Nota media do expediente académico (calculada en función da escala numérica de 0 a 10)

.....

3. Formación académica adicional:

3.1. Outros graos, licenciaturas e diplomaturas (distintas das exixidas para optar á bolsa) ou formación profesional (técnico superior) relacionada co obxecto da bolsa:

Título	Universidade	Nº de páxina do expediente documental

3.2 Títulos de posgrao (grao de doutor, máster universitario, diploma de estudos avanzados, especialista universitario, experto universitario e outros):

Título	Centro que o expide	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente documental

4. Outros estudos e experiencias, nos ámbitos requiridos:

4.1. Cursos nos ámbitos requiridos:

Cursos	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente documental

4.2. Experiencias nos ámbitos requiridos:

Prácticas e experiencia	Institución, centro, empresa	Duración (meses)	Nº de páxina do expediente documental

5. Coñecementos de idiomas estranxeiros:

Idioma	Título, curso	Duración (horas)	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente

A/O abaixo asinante declara que os datos subliñados son correctos e certos e que están xustificadas documentalmente na documentación que se achega á solicitude.

, de de 2018

Sinatura

O Parlamento de Galicia publicará na súa páxina web oficial as distintas fases de tramitación do procedemento de concesión de bolsas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos/das beneficiarios/as e da súa publicación nesta páxina web.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Os/as solicitantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento, conforme o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

O exercicio destes dereitos poderá efectuarse dirixíndose por escrito a: Parlamento de Galicia, con domicilio na rúa do Hórreo, 63 Santiago de Compostela, 15.701 – A Coruña, ou mediante correo electrónico certificado a: gdWebmaster@parlamentodegalicia.es, achegando, nos dous casos, unha fotocopia do documento nacional de identidade e con expresión da data, a sinatura e o enderezo para os efectos de notificacións.

Anexo III

RELACIÓN DE MÉRITOS DA PERSOA SOLICITANTE

(para a bolsa de formación de asistencia administrativa e servizos comúns para persoas con discapacidade intelectual)

Apelidos:

Nome:

1. Nivel de estudos:

.....
.....

Para acreditar o nivel de estudos, fotocopia compulsada dalgún dos seguintes documentos:

– Certificado de estudos obrigatorios

2. Expediente académico:

2.1 Méritos académicos:

Para a valoración dos méritos académicos será necesario achegar fotocopia compulsada dos títulos ou certificación de ter realizado todos os estudos necesarios para a súa obtención.

Mérito académico	Centro que expide

2.2 Méritos por outros estudos, cursos relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación:

Por ter realizado cursos cuxo contido maioritariamente sexa coincidente coas tarefas e funcións propias da bolsa de formación.

Será necesario que conste o seu contido e número de horas. Non se valorará ningún curso en que non figure este aspecto.

Cursos	Centro que expide	Nº de horas

3. Méritos por outras experiencias e/ou formación profesional:

Denominación do posto de traballo	Centro que expide	Duración (meses)

A/O abaixo asinante declara que os datos subliñados son correctos e certos e que están xustificadas documentalmente na documentación que se achega á solicitude.

, de de 2018

Sinatura

O Parlamento de Galicia publicará na súa páxina web oficial as distintas fases de tramitación do procedemento de concesión de bolsas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos/das beneficiarios/as e da súa publicación nesta páxina web.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Os/as solicitantes poderán exercer os seus dereitos de acceso,

rectificación, cancelación e oposición ao tratamento, conforme o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

O exercicio destes dereitos poderá efectuarse dirixíndose por escrito a: Parlamento de Galicia, con domicilio na rúa do Hórreo, 63 Santiago de Compostela, 15.701 – A Coruña, ou mediante correo electrónico certificado a: gdWebmaster@parlamentodegalicia.es, achegando, nos dous casos, unha fotocopia do documento nacional de identidade e con expresión da data, a sinatura e o enderezo para os efectos de notificacións.

Anexo IV DECLARACIÓN XURADA

D./D^a _____ DNI/NIF _____
Enderezo _____ CP _____ Localidade _____
Provincia _____

Coa finalidade de presentar a miña solicitude ás bolsas de formación no Parlamento de Galicia,

DECLARO:

- ☐ Que non estou percibindo ningunha outra bolsa, subvención ou axuda doutra administración ou entidade, tanto públicas como privadas, nacionais ou internacionais, nin soldo ou salario que implique vinculación contractual ou estatutaria, nin calquera tipo de ingresos habituais pola prestacións de servizos profesionais ou realización de traballo remunerado ningún.
- ☐ Que no caso de ser bolseiro/a do Parlamento comunicarei a miña renuncia á dita bolsa de recibir ou optar por calquera das situacións indicadas no parágrafo anterior.
- ☐ Que, no caso de non execución do obxecto da bolsa, me comprometo a lle reintegrar ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas.

_____, ____ de _____ de 2018

(Sinatura da persoa beneficiaria)

Anexo V

MODELO DE ACEPTACIÓN/RENUNCIA DA BOLSA

D./D^a _____ DNI/NIF _____
Enderezo _____ CP _____ Localidade _____
Provincia _____

Manifesto, en cumprimento co establecido na base décimo terceira 1) da convocatoria para a concesión de bolsas de formación en....., a miña vontade de da bolsa que me foi outorgada polo Parlamento de Galicia, dentro do prazo de dez días hábiles, contado desde o día seguinte á publicación do acordo de concesión da devandita bolsa.

O que comunico para os efectos oportunos, e asino en _____, o ____ de _____ de 2018.

(Sinatura da persoa interesada)

Anexo VI

MODELO DE RENUNCIA Á PERCEPCIÓN DA BOLSA

D./D^a _____ DNI/NIF _____
 Enderezo _____ CP _____ Localidade _____
 Provincia _____

Manifesto, en cumprimento do establecido na base decimo terceira 3) da convocatoria para a concesión de bolsas de formación en, a miña vontade de renunciar á percepción da bolsa que me foi outorgada polo Parlamento de Galicia, a partir do, motivada nas seguintes razóns:

O que comunico para os efectos oportunos, e asino esta renuncia en _____, o ____ de _____ de 2018

(Sinatura da persoa interesada)

Anexo VII

MODELO DE COMUNICACIÓN DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

D./D^a, con DNI/NIF
 núm., enderezo, C.P.
, localidade, provincia,
 teléfono fixo, teléfono móbil, correo
 electrónico

Manifesto que presente a solicitude para a obtención dunha bolsa para a formación práctica de, do Parlamento de Galicia, con data

..... de de 2018

(Sinatura da persoa interesada)

(Cómpre especificar o medio utilizado dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.)

Enviar por correo electrónico: servizo.persoal.ri@parlamentodegalicia.gal



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:48
Nº Rexistro: 24566
Data envío: 31/01/2018 09:48:17.446

Data 31/01/2018 09:48

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 15038**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre **“as razóns do Goberno galego para acordar a implantación do modelo denominado ‘liña fría’ para o servizo de comidas do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 174, do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No momento actual non saíu a licitación respecto ao servizo de cociña no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

A situación laboral do persoal que actualmente presta servizos na cociña do CHUO será a mesma que actualmente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:48
Nº Rexistro: 24566
Data envío: 31/01/2018 09:48:17.446

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:48:13



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:48
Nº Rexistro: 24565
Data envío: 31/01/2018 09:48:08.165

Data 31/01/2018 09:47

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 15044**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso de medidas específicas de apoio á prevención e atención, no territorio galego, das enfermidades respiratorias de orixe profesional como a silicose”**, (publicada no BOPG número 174, do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os traballadores/as afectados de silicose está cubertos pola normativa de prevención de riscos laborais da que a administración sanitaria e laboral vixía do seu cumprimento. A Dirección Xeral de Saúde Pública participa como membro do grupo técnico de traballo de silicose do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

A normativa laboral é o suficientemente proteccionista nestes temas para que a cobertura dos traballadores/as afectados por estas patoloxías estea sempre asegurada tanto polos servizos de prevención no caso dos activos como polo Servizo Galego de Saúde no que exercen profesionais cualificados nestas patoloxías, no caso dos que xa non teñan relación laboral coa empresa na que foi a exposición.

O organismo responsable da recompilación e xestión dos datos relativos ás enfermidades profesionais en Galicia é a autoridade laboral, que o encomendou ao ISSGA.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:48
Nº Rexistro: 24565
Data envío: 31/01/2018 09:48:08.165

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:48:01



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:47
Nº Rexistro: 24563

Data envío: 31/01/2018 09:47:37.946

Data 31/01/2018 09:47

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 15518**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“os investimentos previstos polo Goberno galego nos terreos do Alto dos Vales postos á disposición polo Concello de Lalín para mellorar os equipamentos sanitarios da zona”**, (publicada no BOPG número 174, do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde está realizando un Plan de espazos da atención primaria do concello de Lalín, para acadar un plantexamento de programación dun dispositivo que permita unha atención integral en busca dunha optimización das dotacións e do aseguramento dun futuro sanitario da máxima calidade.

O CAR nunca foi definido e neste momento estamos desenvolvendo modelos diferentes, como o Centro Integrado de Saúde de Lugo, que se adapta mellor ás novas circunstancias, ás novas necesidades dos usuarios do sistema.

Como paso previo á elaboración dun plan de espazos e como paso previo á elaboración dun proxecto arquitectónico estase a traballar polos técnicos do Servizo Galego de Saúde xunto coa EOXI de Santiago nun Plan funcional no que se definan cales son as melloras que se poden executar en Lalín tendo en conta a demanda e as necesidades da poboación de referencia.

Este Plan funcional e de espazos será presentado nos próximos meses.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:47
Nº Rexistro: 24563
Data envío: 31/01/2018 09:47:37.946

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:47:33



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 16613**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e don Luis Villares Naveira , sobre **“as razóns do Goberno galego para asinar un convenio co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para axilizar a elaboración dos informes psicosociais solicitados polos xulgados de Familia e non destinar eses recursos á mellora do Instituto de Medicina Legal de Galicia”**, (publicada no BOPG número 178 do 20 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 11 de outubro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 16612, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 13:01
Nº Rexistro: 24662
Data envío: 31/01/2018 13:01:31.364

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 13:01:26



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:47
Nº Rexistro: 24562
Data envío: 31/01/2018 09:47:28.727

Data 31/01/2018 09:47

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 17135**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da asistencia sanitaria que se está a prestar á veciñanza no novo Centro de Saúde de Marín”**, (publicada no BOPG número 182, do 27 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O novo centro de saúde de Marín entrou en funcionamento no ano 2016 en substitución da Casa do Mar e do antigo centro de saúde que presentaban notables deficiencias. Na actualidade o centro de saúde de Marín presta asistencia sanitaria a máis de 25.000 usuarios e conta con dotación e recursos de atención primaria, pediatría, matronas, fisioterapia, odontoloxía, hixiene bucodental e traballo social.

A atención primaria en Galicia proporciona servizos cuns elevados estándares de calidade, que se cumpren no concello de Marín tanto na Unidade de Atención Primaria coma no Servizo de Atención Continuadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:47
Nº Rexistro: 24562
Data envío: 31/01/2018 09:47:28.727

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:47:23



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:47
Nº Rexistro: 24561
Data envío: 31/01/2018 09:47:17.712

Data 31/01/2018 09:47

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 17332**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre **“as razóns do Goberno galego para acordar a implantación dun modelo mixto de liña tradicional e liña fría para o servizo de comidas do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 187, do 5 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No momento actual non saíu a licitación respecto ao servizo de cociña no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

A situación laboral do persoal que actualmente presta servizos na cociña do CHUO será a mesma que actualmente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:47
Nº Rexistro: 24561
Data envío: 31/01/2018 09:47:17.712

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:47:13



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:47
Nº Rexistro: 24560
Data envío: 31/01/2018 09:47:08,383

Data 31/01/2018 09:47

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 17710**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre **“a garantía polo Goberno galego e en que condicións, da práctica dos abortos euxenésicos dentro do territorio galego e no ámbito da sanidade pública”**, (publicada no BOPG número 187, do 5 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Sergas ten como obxectivo garantir sempre a calidade asistencial na prestación dos servizos sanitarios cos medios ao seu alcance. No caso das interrupcións voluntarias do embarazo (IVE), o Servizo Galego de Saúde establece os circuitos asistenciais que garanten o cumprimento da Lei de interrupción voluntaria do embarazo (LO 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo).

Este procedemento, como calquera outro da asistencia sanitaria do Sergas, está en constante proceso de revisión e avaliación, para poder mellorar os servizo que se presta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:47
Nº Rexistro: 24560
Data envío: 31/01/2018 09:47:08,383

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:47:03



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18035**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para o cumprimento da lexislación vixente en relación coas radios comunitarias non lucrativasg”**, (publicada no BOPG número 187 do 05 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é escrupulosa no cumprimento da Lei 7/2010, Xeral de Comunicación Audiovisual, como non pode ser doutro xeito. Os servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro están suxeitos á dispoñibilidade de espectro radioeléctrico segundo marca a Lei 7/2010 de Comunicación Audiovisual, correspondéndolle á Administración Xeral do Estado a planificación radioeléctrica destes servizos.

Concretamente, a propósito da acta de infracción remitida pola Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicación levantada a Cuac FM, a Xunta solicitou informe á Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital en cuxa resposta, despois de expoñer a situación deste tipo de servizos, remata sinalando literalmente:

‘En conclusión, existe un consenso a nivel internacional sobre la necesidad de atribuir nuevas bandas de frecuencias a los servicios móviles, tendencia que está llamada a acentuarse en un futuro próximo y que obligará a reducir aún más las frecuencias destinadas al servicio de comunicación audiovisual.

Todo ello ha obligado a retrasar la planificación de nuevas frecuencias de televisión y radio y, en consecuencia, ha impedido el desarrollo reglamentario de la regulación de los servicios de comunicación audiovisual comunitarios sin ánimo de lucro’.

Polo tanto, ao tratarse dunha competencia compartida, é necesario que previamente a Administración Xeral do Estado aprobe as bases para o desenvolvemento dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro.

Unha vez que a Administración Xeral do Estado elabore o regulamento básico de prestación deste servizo e remita a planificación radioelétrica ás Comunidades Autónomas, a Xunta de Galicia estará en condicións de atender as solicitudes das radios comunitarias sen ánimo de lucro, cuxo outorgamento esixirá a convocatoria dun concurso público específico en concorrencia competitiva.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24695
Data envío: 31/01/2018 14:54:11.376

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:54:06



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18238**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para o cumprimento do acordo parlamentario do 27 de setembro de 2017 referido á situación das autoescolas galegas”**, (publicada no BOPG número 191 do 11 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O pasado mes de outubro, responsables do Igape e da Secretaría Xeral de Emprego mantiveron un encontro de traballo coa directiva das asociacións de autoescolas de Galicia para coñecer polo miúdo a súa situación e as posibilidades de apoio que se podían achegar desde o Goberno galego.

Como resultado desta xuntanza, as organizacións están a traballar nun proxecto de propostas que poderían contribuír á reactivación do sector. En todo caso, cómpre recordar que hai un mes que os examinadores de tráfico desconvocaron os paros parciais que viñan desenvolvendo.

Por último, cómpre engadir que o Goberno galego deu traslado do acordo parlamentario acadado ás instancias que se recollían no propio texto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:44
Nº Rexistro: 24360
Data envío: 30/01/2018 09:44:09.485

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:44:04



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24559
Data envío: 31/01/2018 09:46:59.087

Data 31/01/2018 09:46

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 18288**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre **“as contías orzamentarias previstas para a execución das melloras anunciadas polo Goberno galego no Hospital de Valdeorras”**, (publicada no BOPG número 191, do 11 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Efectivamente no Hospital Comarcal do Barco de Valdeorras levaranse a cabo melloras en consultas externas, no hospital de día para tratamentos onco-hematolóxicos, en cirurxía ambulatoria e en novas zonas de traballo na área de Farmacia.

As obras previstas non xerarán incremento do cadro de persoal, xa que o mesmo está directamente relacionado coa actividade asistencial ou co incremento da ampliación da carteira de servizos, independentemente das obras.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24559
Data envío: 31/01/2018 09:46:59.087

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:46:54



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24558
Data envío: 31/01/2018 09:46:49.665

Data 31/01/2018 09:46

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 18305**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre **“a data e as condicións de apertura previstas polo Goberno galego para o novo edificio do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 191, do 11 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O traslado realizouse o 6 de outubro dacordo co operativo previsto, facendo o primeiro traslado dunha unidade de hospitalización de medicina interna, que permitiu testar o funcionamento dos circuítos internos de circulación.

A segunda fase de traslado realizouse con éxito, e sen incidencias o pasado día 27 de outubro, co traslado 150 pacientes dos servizos de Medicina Interna, Neurocirurxía e Neuroloxía, ata ese momento hospitalizados nos edificios Materno Infantil, Santa María Nai e Cristal.

Todos os traslados inclúen ao persoal destes servizos, e procederase a reordenación e/ou incremento de efectivos en distintas unidades, en función do seu novo dimensionamento ou necesidades.

O Plan Operativo de Traslado gradual, consensuado pola Comisión de Traslados, constituída por representantes da dirección e do persoal de todos os estamentos profesionais e servizos, tanto sanitarios como non sanitarios do centro, e ten por obxectivo fundamental o mantemento da actividade e continuidade asistencial do complexo, causando a mínima alteración posible ao conxunto dos pacientes e garantindo, en todo momento, a plena seguridade e confortabilidade dos que se trasladan e do resto dos usuarios.

O equipamento da nova Cociña Central do Complexo, situada no novo edificio de hospitalización, está en trámites de licitación.

CVE-PREPAR: 622e6486-4f06-2761-b971-cecfcad7551

Coa ampliación o CHUO gaña en funcionalidade e integración, e aumenta súa capacidade asistencial e confortabilidade, eliminando definitivamente as habitacións triples, pasando todas elas a dobres e individuais, polo que contará con 116 camas máis, ata chegar a unha capacidade máxima de 930 camas.

O novo edificio de hospitalización consta de **tres plantas de aparcadoiro, unha delas destinada ao uso exclusivo dos traballadores de carácter gratuíto**, e as restantes de acceso e uso público.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24558
Data envío: 31/01/2018 09:46:49.665

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:46:45



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18745**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Luis Villares Naveira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a adquisición pola Xunta de Galicia dalgún compromiso en relación coa realización de obras ou actividades no concello de Tui, condicionado á presentación dunha moción de censura no Concello”**, (publicada no BOPG número 200 do 25 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 10 de novembro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 18744, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

Neste sentido, reitérase que a Xunta de Galicia non emprega en ningún caso fondos públicos para promover ningún tipo de cambio político.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 13:01
Nº Rexistro: 24661
Data envío: 31/01/2018 13:01:21.114

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 13:01:16



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18883**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as imaxes emitidas no Telexornal Mediodía da TVG en relación co desenvolvemento da sesión plenaria do Parlamento de Galicia do día 17 de outubro de 2017”**, (publicada no BOPG número 200 do 25 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Unha vez máis, é preciso desmentir as acusacións de manipulación vertidas en contra os medios públicos galegos, e que neste caso ademais fan referencia a unha situación xa aclarada, verbalmente, polo xornalista da TVG que cubre habitualmente a información parlamentaria e que así mesmo dirixe o programa ‘Parlamento’.

No momento de elaborar a información sobre a intensa actividade lexislativa da mañá do 17 de outubro, en concreto o punto sobre a aprobación da Lei de Fomento da Implantación Empresarial e de incluír as declaracións dos voceiros de todos os grupos, o xornalista ten que afrontar como proceder coas do deputado de En Marea, para que non quedase fora da información, e buscou algunha declaración que tivese relación co motivo da lei que foi a que se incluiu na noticia.

A razón de que fose ese plano de escorzo é que a imaxe dos plenos ofréceaa o Servizo de Audiovisuais do Parlamento de Galicia e esa foi exactamente o plano que tiñamos da súa realización, o que pode comprobarse pedindo a gravación dese día no Parlamento. Ese ‘total’, no argot xornalístico, extraído da intervención do portavoz era o único no que falaba da cuestión que se estaba a tratar.

O equipo de Televisión de Galicia non grava o ‘master’, xa que xa se traballa co sinal institucional. A cámara da TVG somentes grava imaxes de recursos, pezas co xornalista, ou calquera outra imaxe que se pida e que se produza dentro ou fora do hemiciclo. Esa foi a única razón de emitir ese plano do deputado de En Marea: non houbo intención de excluír ao grupo En Marea da información, a pesar de que o plano non sexa gráfica e narrativamente o mellor.

Por outra parte, non houbo tampouco intención de ocultar a imaxe dos deputados de En Marea vestindo as camisetas vermellas. Basta con repasar o resto da información parlamentaria dese día, a mesma nova do Telexornal Mediodía, para apreciar numerosos planos nos que se ve claramente aos parlamentarios deste grupo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 13:01
Nº Rexistro: 24660
Data envío: 31/01/2018 13:01:11.349

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 13:01:07



RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18946**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da cobertura dada polos medios públicos de comunicación á vaga de incendios forestais rexistrada o día 15 de outubro de 2017”**, (publicada no BOPG número 200 do 25 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Moitas destas cuestións foron respondidas oralmente nas sesións de control á CRTVG dos meses de outubro e de novembro de 2017, e foron obxecto dun extenso informe por escrito enviado a todos os grupos parlamentarios no mes de novembro.

Nese informe pormenorizado inclúense ademáis das pertinentes aclaracións, escaletas, guións, e información sobre os recursos humanos e técnicos despregados pola CRTVG nas datas ás que se refire á pregunta.

Remitímonos en consecuencia, ao dito no referido informe.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 4269c970-c073-e155-8af7-ba3d127ea814

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24694
Data envío: 31/01/2018 14:54:02.079

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:53:54

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19070**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións específicas levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego en relación co posible impacto no sector turístico galego da vaga de lumes rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017”**, (publicada no BOPG número 200 do 25 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O que se viviu no outono do pasado ano foi unha situación completamente excepcional. Nin foi normal a actividade incendiaria nin tampouco foi normal a situación meteorolóxica. Certamente, rexistráronse condicións climatolóxicas extremas, e mesmo algunhas inéditas que se converteron no principal aliado dos incendiarios e do lume.

A Xunta de Galicia dende entón traballou para reparar os danos materiais causados por mor da vaga incendiaria provocada. Como é coñecido, o Consello da Xunta aprobou nas primeiras 24 horas o Decreto marco que deu soporte xurídico ás axudas para a reparación de danos, atender situacións de necesidade e contribuír a restaurar os valores naturais e a reactivar a actividade das zonas que resultaron afectadas.

O Decreto 102/2017, do 19 de outubro, incluía medidas tamén no eido turístico, que se impulsaron desde Turismo de Galicia. Neste sentido, estableceuse unha convocatoria de axudas nunha dobre dirección dotada con ata 1 millón de euros.

Por unha banda, abriuse unha convocatoria de axudas en réxime de concorrència non competitiva destinadas aos concellos da nosa Comunidade para proceder á reposición da sinalización turística que puidera ter sido afectada polos incendios.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24555
Data envío: 31/01/2018 09:46:18.727

A axuda económica que se concedía ás administracións locais podía acadar a totalidade do investimento realizado cun importe de ata 20.000 euros por entidade. Foi solicitada por 10 concellos (Parada de Sil, Carballada de Avia, Lobios, A Gudiña, Maceda, Muíños, Vigo, As Neves, Cotobade e Salceda de Caselas). Ademais, estableceuse unha convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva para establecementos turísticos afectados polos incendios, co fin de reparar os danos ocasionados. Neste caso, a axuda económica podía acadar a totalidade do investimento realizado ata un máximo por entidade de 18.000 euros. Presentáronse 2 entidades da Provincia de Pontevedra.

A política turística da Xunta de Galicia desenvólvese ao carón do sector, con quen mantén un diálogo fluído e unha intensa colaboración. Esta cooperación reflíctese na Estratexia do turismo de Galicia 2020, o documento presentado este ano que contén os retos, oportunidades e compromisos no eido turístico, e que foi elaborado en consenso co sector, a mellor maneira de acadar os obxectivos fixados nel.

Neste sentido, tivemos contactos diarios coas delegacións provinciais e o sector privado, principalmente a través do Clúster de Turismo, co que se mantiveron xuntanzas de cara a transmitir incidencias e inquedanzas relacionadas coa vaga de incendios.

A falta dos datos definitivos turísticos do ano 2017, que o INE publicará a vindeira semana, hoxe mesmo coñecéronse os datos de hoteleiro, que referendan o bo camiño polo que transcorre o labor de Turismo de Galicia. Destacamos os seguintes:

DATOS HOTELEIROS DECEMBRO 2017

VIAXEIRO ALOXADOS

MÁIS DE 201.000 (+7,2%)

No conxunto do Estado sobe un 4,5%

NOITES DE HOTEL

PRETO DE 380.000 (+ 7%)



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24555
Data envío: 31/01/2018 09:46:18.727

No conxunto do Estado sobe un 1%

Galicia é a quinta comunidade que presenta un crecemento de máis intensidade na súa demanda hoteleira durante o mes de decembro

OCUPACIÓN SOBE 1,5 PUNTOS

Os niveis de ocupación soben en decembro en 1,5%, cifra que ascende a 2,6% de crecemento na ocupación en fin de semana

MERCADO INTERNACIONAL

+ 10,8 % PERNOITAS

MERCADO NACIONAL

+ 9,9% PERNOITAS

MERCADO INTERNO

+ 2,4% PERNOITAS

BALANCE DO ANO 2017

Balance en base ás cifras de ocupación ata novembro da totalidade da oferta de aloxamento regrada (inclúe hoteis, pensións, apartamentos turísticos, turismo rural e cámpings) aos que se suman os datos de ocupación da oferta hoteleira (hoteis e pensións) do mes de decembro.

O mércores 31 de xaneiro, o INE publicará os últimos datos restantes (apartamentos turísticos, turismo rural e cámpings de decembro), o que nos permitirá facer o balance definitivo do ano completo pechado.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24555
Data envío: 31/01/2018 09:46:18.727

VIAXEIROS RÉCORD

5.082.964 (+ 3,2%)

NOITES RÉCORD

10.596.230 (+ 5,6%)

ESTADÍA MEDIA

SOBE UN 2,3%.

Con todo, Goberno galego seguirá, coma sempre, xunto ao sector, disposto a implementar as medidas que foran consideradas necesarias.

Cabe indicar que todas as campañas de comunicación que promove a Axencia para fortalecer a Marca Galicia e atraer turistas inciden naqueles aspectos que nos afianzan como unha das comunidades que recibe máis visitantes. Diversas enquisas de ámbito nacional destacan que O Camiño, a gastronomía, a cultura e a natureza son os aspectos máis valorados polos turistas que nos visitan. Desde esta perspectiva, as nosas campañas mostran os seis parques naturais que existen en Galicia, así como o vasto patrimonio natural que existe nas catro provincias. Unhas campañas de comunicación que se enuncian nun ton positivo, a fin de que a natureza continúe sendo un dos factores máis influentes na decisión dos máis de catro millóns de persoas que nos visitan cada ano.

De feito, acabamos de regresar de Fitur con tres premios que referendan o traballo do goberno autonómico:

-O Premio Q de Calidade Turística outorgado estes días polo Instituto para a Calidade Turística (ICTE) ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, pola súa defensa da calidade como eixo das políticas turísticas do Goberno galego.

-O galardón ás experiencias turísticas postas en marcha pola Xunta o pasado outono nos seis parques naturais galegos, consideradas como Mellor Produto de Turismo Activo,



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24555
Data envío: 31/01/2018 09:46:18.727

concedido por Fitur e a publicación AireLibre;

-así como ao recoñecemento que obtivo tamén o renovado expositor galego inspirado nun pazo que foi premiado como o mellor das institucións e comunidades participantes, valorando o seu deseño, materiais promocionais repartidos, así como a atención ao público prestada nel.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: c448a1b2-71b8-ee09-75d8-743047a24062

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24555
Data envío: 31/01/2018 09:46:18.727

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:46:13



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19471**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa denuncia presentada por nove familias galegas afectadas polo peche da entidade colaboradora de adopción internacional Addis Galicia que viña tramitando os expedientes de adopción en Etiopía e Burundi”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 19474 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24693
Data envío: 31/01/2018 14:53:43.314

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:53:37

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19652**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da declaración da Festa do Polbo do Carballiño de Interese Turístico Internacional”**, (publicada no BOPG número 207 do 8 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Que unha festa tente acadar a declaración de interese turístico internacional é sempre, para o Goberno galego, unha moi boa noticia. A Festa do Polbo do Carballiño así o está a intentar de cara a ver recoñecidos os esforzos dos veciños, das asociacións e administracións locais por realizar eventos como este que fortalecen a nosa cultura como país e se converten en importantes reclamos turísticos. De feito asistiron máis de 100.000 persoas á Festa do Polbo do Carballiño o pasado ano 2017, durante a súa 55 edición.

Para afondar no seu férreo compromiso por apoiar e impulsar este recoñecemento internacional, o Goberno galego colaborou e colabora sempre estreitamente co Concello do Carballiño. Así o recoñeceu en reiteradas ocasións a propia administración local.

Desde o primeiro momento, Turismo de Galicia facilitou que esta festa puidese cumprir os requisitos esixidos para acadar esta distinción, que concede a Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, a través de Turespaña. Neste sentido, apoiou varias iniciativas coordinadas polo Concello do Carballiño para conseguir a repercusión mediática internacional requirida.

Por unha banda, impulsou a contratación, o pasado mes de agosto, dunha axencia especializada en medios de comunicación estranxeiros para que emisoras de radio de diferentes países incluísen nos seus programas temáticas sobre esta festa. E, por outro lado, Turismo de Galicia tamén axudou na



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24554
Data envío: 31/01/2018 09:46:08.930

xestión da viaxe de prensa, coordinada polo Concello carballiñés, que se celebrou entre os días 26 e 28 de outubro coa participación de xornalistas de medios de comunicación internacionais de Brasil, Arxentina, Uruguai, Alemaña, Francia, Canadá, Líbano, México ou China.

Todos eles puideron visitar os recursos turísticos da zona, principalmente os relacionados co polbo. Tamén participaron nunha simulación da festa, que incluíu un xantar típico e música tradicional. E para reforzar este apoio institucional, Turismo de Galicia confiou a profesionais deste departamento autonómico, como a directora de Promoción e a responsable de Feiras de Turismo de Galicia, manter charlas e ampliar toda a información precisa sobre a Festa aos xornalistas participantes nesta viaxe.

Turismo de Galicia continuará traballando por emprender as accións necesarias para que as festas galegas de interese nacional poidan acadar o recoñecemento internacional. Do mesmo xeito que impulsa no seu conxunto o resto de festividades facendo especial énfase na promoción das preto de 140 de interese turístico, tanto de Galicia, como nacional e internacional, coas que conta a nosa Comunidade. Porque todas elas permiten representar o mellor dos nosos recursos naturais, culturais e gastronómicos que son os principais motivos polos que os viaxeiros escollen visitarnos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: cd0f45f0-d1d1-4e40-4960-6d29563a3d01

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24554
Data envío: 31/01/2018 09:46:08.930

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:46:04



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19657**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e don Luis Villares Naveira, “**o coñecemento polo Goberno galego das irregularidades denunciadas no Concello de Palas de Rei**”, (publicada no BOPG número 207 do 8 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 24 de novembro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 19656, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24351
Data envío: 30/01/2018 09:19:45.210

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:19:40



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19730**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o destino final da totalidade do fondo adicional do Fondo de cooperación local correspondente ao exercicio 2017”**, (publicada no BOPG número 211 do 15 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Orde do 7 de xullo de 2017 (DOG do 10 de xullo) estableceu as condicións para a repartición do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para 2017. Os criterios de reparto deste fondo priorizan aos concellos resultantes dun proceso de fusión municipal ou de incorporación voluntaria a outros concellos. Ademais, este ano contemplouse que, no caso de que non se producise ningún novo proceso de fusión antes do 30 de setembro de 2017, o 40% dese fondo destinaríase a municipios de menos de 15.000 habitantes.

Dado que finalmente non se completou ningunha nova fusión municipal, o 40% do fondo adicional inicial de 2.236.227 euros -isto é, 894.490,8 euros- repartíuse entre os 279 municipios de menos de 15.000 habitantes.

Ademais, na orde dispúxose tamén que, se neste exercicio orzamentario se incrementaba a dotación do fondo adicional, o importe do incremento iría destinado integramente aos concellos de poboación inferior a 15.000 habitantes.

Ese incremento produciuse, a través da Lei 3/2017, do 13 de xullo, de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. Este aumento foi de

2.418.000 euros máis, que se repartiron directamente entre os 279 municipios de menos de 15.000 habitantes.

En definitiva, o orzamento do Fondo Adicional ascendeu finalmente a 4.654.227, dos que 1.341.736,2 euros foron para os municipios fusionados de Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade; mentres que os 3.312.490,8 euros restantes destináronse aos 279 concellos de menos de 15.000 habitantes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 13:00
Nº Rexistro: 24656
Data envío: 31/01/2018 13:00:42.552

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 13:00:37



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:45
Nº Rexistro: 24552
Data envío: 31/01/2018 09:45:48.367

Data 31/01/2018 09:45

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 19904**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da cobertura da baixa da facultativa do Centro de Saúde de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa”**, (publicada no BOPG número 211, do 15 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Vilaxoán está a 3,7 km de Vilagarcía. En Vilaxoán hai un médico e unha enfermeira que traballan en horario de mañá, non hai PSX polo que as xestións administrativas as teñen que realizar en Vilagarcía.

No Centro de Saúde de Vilagarcía hai 21 médicos de familia, 5 pediatras, 20 enfermeiros, matrona, fisioterapeuta, odontólogo e conta con unidade de tarde polo que o horario é de 8 a 22h en consulta ordinaria. En canto á cobertura e substitución dos profesionais do Centro de Saúde, é un centro no que xeralmente, organízanse para as vacacións e os días de libre disposición.

O día 6 de novembro de 2017 púxose de baixa a médico de Vilaxoán, cubríronse 3 días (luns, mércores e venres) cunha médico de familia do Centro de Saúde de Vilagarcía e o resto dos días dirixiuse aos pacientes ao Centro de Saúde de Vilagarcía, do mesmo xeito que se fai en verán. A titular de Vilaxoán incorporouse a súa praza o 9 de xaneiro de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:45
Nº Rexistro: 24552
Data envío: 31/01/2018 09:45:48,367

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:45:43



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 20012**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do investimento de recursos públicos na construción dun museo do viño nas covas de dona Urraca, no interior do castelo de Salvaterra do Miño”**, (publicada no BOPG número 211 do 15 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Que a zona vitivinícola do Condado do Tea vaia contar cun Centro de Interpretación do Viño debería ser un motivo de alegría e satisfacción ao poder contar cun futuro referente para poner en valor o seu potencial vitivinícola.

A edificación estará situada no núcleo urbano de Salvaterra de Miño e o proxecto, que conta cun investimento de máis de 300.000 €, axudará a difundir o potencial vin potencial vin potencial vinícola desta zona e suporá un impulso turístico e económico neste municipio.

En concreto, o orzamento estimado para estas actuacións ascende a 306.941,40€. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achegará cen mil euros (100.000€), Turismo de Galicia achegará a cantidade de cento seis mil euros (106.000€) e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural achegará cen mil euros (100.000€)

O Consello da Xunta autorizou o 28 de xuño do pasado ano a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Turismo de Galicia, a Axencia de Desenvolvemento Rural, a Secretaría Xeral de Presidencia e o Concello de Salvaterra de Miño para a posta en marcha deste centro interpretativo.

Este convenio enmárcase no traballo da Administración autonómica pola promoción turística dos recursos diferenciadores de Galicia, como o viño.

Un dos obxectivos estratéxicos da Estratexia do Turismo de Galicia 2020 é o de impulsar o enoturismo, conscientes de que o potencial turístico dos espazos vitivinícolas de Galicia é alto.

O enoturismo achega un gran valor engadido aos destinos e existe unha demanda crecente polo viño e a súa cultura, de modo que se configura como un mercado de grande interese moi vinculado coa gastronomía.

Neste espazo daranse a coñecer e poranse en valor os viños da comarca do Condado, que comprende os concellos de Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente, A Cañiza, Ponteareas e Salceda de Caselas. Unha zona que conta con máis de 1.500 viticultores e máis de 1.000 hectáreas de superficie cultivada.

O museo suporá un importante impulso turístico e económico para esta zona, xa que a posta en marcha deste novo recurso poderá contribuír á chegada de máis visitantes, interesados polo turismo enogastronómico, caracterizados polo seu interese en imbuirse na cultura local e por ser responsables no uso dos recursos turísticos, coa consecuente positiva repercusión nos establecementos dos municipios que forman parte desta comarca, pertencente ao xeodestino Vigo Baixo Miño.

A falta dos datos turísticos definitivos que o INE publicará, no día de hoxe coñecéronse os datos de hoteleiro e podemos confirmar as cifras positivas da provincia na que se ubica dito xeodestino, o que referencia a implementación de recursos turísticos como este centro de interpretación. Así podemos destacar:

-Comportamento positivo da demanda hoteleira na provincia de Pontevedra neste ano 2017, superando nun 13,3% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 12,2% o volume de noites do anterior 2016.

-É o cuarto ano consecutivo no que se observa unha dinámica positiva no segmento hoteleiro da provincia de Pontevedra, con subas do 0,9% en 2014, do 9,1% en 2015, do 11,9% en 2016 e do 12,2% agora en 2017. Tal circunstancia eleva as cifras deste ano a máximos históricos na provincia con máis de 1,4 millóns de viaxeiros aloxados e preto de 3,4 millóns de noites.



-Pontevedra representa o 38,6% do total da demanda hoteleira da comunidade. É con diferenza a provincia máis dinámica neste 2017 pois mellora o comportamento observado nas tres restantes provincias –con suba do 4,4% en A Coruña, do 1,2% en Lugo e estabilidade en Ourense-.

-Comportamento positivo e destacado dos tres grandes segmentos de mercado na provincia. Sobe o turismo interno –dos residentes en Galicia- un 6,2%, o receptor nacional un 13,3% e o internacional un 18,1%. Tal circunstancia provén en esencia dun incremento da cifra de viaxeiros aloxados nos tres segmentos: do 8,1% os residentes en Galicia, do 13,4% dos residentes no resto do Estado e do 20,7% dos residentes no estranxeiro.

A comarca do Condado conta, ademais, coa celebración da Festa do Viño, que este ano celebra a súa LIX edición e é unha das festas do viño máis antigas de España, outro motivo que reforza a necesidade de apostar por proxectos deste tipo, que axudan a dar a coñecer o importante legado vitivinícola da nosa comunidade tanto aos nosos visitantes como aos propios galegos e galegas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24350
Data envío: 30/01/2018 09:19:35.679

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:19:31



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 20092**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as razóns da carencia polo colectivo de operadores e montadores de vídeo da RTVG dun ordenador por persoa con licenzas suficientes para poder recibir a formación axeitada”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Non existe ningún caso de relación directa entre a dixitalización da CRTVG e un axuste masivo do cadro de persoal nas canles que xa adoptaron esta metodoloxía de traballo hai uns anos. O que sí debería preocupar é o futuro a dez anos porque se a CRTVG non se reposiciona para seguir sendo útil á sociedade no novo mercado, coas novas canles, si que xurdiría un serio problema que seguramente acarrearía axustes laborais severos, pero non pola dixitalización, senón pola falta de adaptación.

A Corporación Radio Televisión de Galicia acomete entre 2017 e 2018 un vital cambio tecnolóxico e de concepto e traballa para que o Plan de Dixitalización da Corporación, cun forte investimento en medios técnicos, e un plan formativo axeitado ás necesidades, sexa un éxito.

O plan de formación foi deseñado para que os profesionais teñan coñecemento das novas ferramentas. Pero tamén hai que ter en consideración que o coñecemento de esas ferramentas non supón que se vaian desenvolver todas e cada unha das tarefas que se poden facer con elas, senón que as tarefas se levarán a cabo atendendo ás funcións propias de cada categoría profesional. Por exemplo, diversas categorías profesionais coñecerán a ferramenta ‘Media Composer’, pero cada categoría profesional desenvolverá tarefas diversas no mesmo.

O obxectivo dos itinerarios formativos é que os profesionais que vaian empregar unha nova ferramenta teñan coñecemento da mesma, sen que isto queira dicir que teñan que levar a cabo

todo o que se lles explique da nova ferramenta. Así pois, as capacitacións nas que se está formando aos traballadores non teñen que determinar nin as súas funcións futuras, e menos aínda a clasificación profesional.

A clasificación profesional no seo da CRTVG está determinada no convenio colectivo e se determinará a través da negociación colectiva cos representantes dos traballadores. Por último sinalar, como xa se dixo en sede parlamentaria, que se garante a estabilidade do emprego nos operadores montadores de vídeo, polo que o seu futuro está garantido. A dirección da CRTVG a través da Dirección de Recursos Humanos ten unha relación fluída de intercambio de información cos representantes deste colectivo, e o Plan de Dixitalización non pon en perigo os seus empregos. Estase traballando para garantir os postos de traballo dunha categoría que por obsoleta vai desaparecer, e esta a facerse protexendo os postos de traballo.

A información por parte da empresa respecto do Plan de Formación é clara e extensa. Trátase dun proceso de formación continua e por fases, organizado segundo as categorías profesionais e cuns prazos lóxicos e axustados ás necesidades reais. Lémbrese tamén que este plan formativo, que implica un importante esforzo organizativo para non interferir na produción diaria, facilita aos profesionais da CRTVG acceso gratuíto a un coñecemento valioso nas súas carreiras profesionais, e que ao seu remate recibirán un Diploma emitido por Telefónica.

No que respecta ao desenvolvemento do plan de formación e o seu material formativo, a plataforma Telefónica de España, S.A. confirmou que o habitual é o emprego do idioma inglés para o traballo nestes formatos. Aínda así, o marco global da plataforma e o menú principal foi traducido a galego. A presenza dos manuais só en inglés é mínima e só atinxe aos manuais do fabricante, non a formación e moito menos ao material que se distribúe nas clases.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24688
Data envío: 31/01/2018 14:52:56.001

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:52:51



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 20093**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co tratamento informativo dado nos medios de comunicación públicos de Galicia aos casos de falsidade documental e corrupción”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“A Corporación Radio e Televisión de Galicia é unha entidade con personalidade xurídica propia, autónoma na súa xestión e independente no seu funcionamento respecto da Xunta de Galicia. Así o establecen a Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e o Mandato marco, aprobados ambos polo Parlamento galego.

Polo tanto, axustándose ao establecido legalmente, a Xunta de Galicia non se pronuncia ao respecto de calquera cuestión ou aspecto relacionados co labor dos seus directivos e profesionais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24687
Data envío: 31/01/2018 14:52:47.282

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:52:43



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 20451**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“os colectivos relacionados co turismo que van participar na redacción das cláusulas do prego de condicións do novo concurso para a concesión da explotación do complexo do Monte do Gozo”**, (publicada no BOPG número 219 do 29 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Turismo de Galicia, dentro da súa aposta por revitalizar o Parque Monte do Gozo, sacou a concurso en xuño do pasado ano a explotación do complexo de aloxamento e piscinas, como así estaba previsto no Plan de actuación do parque para a súa recuperación integral. Trátase dunha actuación coa que estamos a mellorar de xeito notable o parque de maior dimensión de Santiago de Compostela e un dos espazos máis simbólicos da peregrinación xacobeá. Os traballos que realizamos ao longo dos últimos meses, e que están a supoñer unha revitalización e impulso a este pulmón da capital galega, van nenas dúas direccións: facer do Parque Monte do Gozo un espazo de convivencia entre os veciños de Galicia (e en xeral os cidadáns galegos) e os peregrinos que percorren o Camiño de Santiago, que aquí comezan o último tramo da súa andaina ata a Catedral.

Dado que inicialmente a concesionaria se ocuparía de facer varios investimentos nas melloras das edificacións e urbanización, no prego de condicións indicábase que durante os tres primeiros anos, quedaría exenta de pago do canon anual de 70.000€ máis IVE previstos no concurso.

Tamén se indicaba que a estimación dos ingresos por ano da concesionaria nestes servizos de aloxamento, restaurante, cafetería, piscinas ou máquinas expendedoras, entre outros, era de 41,1 millóns de euros, cantidade que non sería abonada nin pola concesionaria nin pola Xunta,

pois era unha estimación do valor de negocio solicitada pola normativa europea na que se amparaba esta concesión.

Rematado o prazo sen presentación de propostas, Turismo de Galicia é a encargada de executar as reformas necesarias para acondicionar a zona de aloxamento, como xa fixera coas piscinas, proseguindo co calendario previsto para que estea de novo a disposición dos usuarios e preparado para o Xacobeo 2021.

Unha vez realizada a intervención, sacouse a concurso a concesión escoitando previamente de novo a toda empresa que desexase manifestar o seu parecer sobre as condicións, para facelo máis atractivo para o conxunto do sector en beneficio de todos. Esta licitación foi publicada o pasado 28 de decembro para a súa posterior adxudicación, a través de procedemento aberto a todos os interesados en condicións obxectivas e de concorrencia.

A contratación do servizo para a explotación do complexo de aloxamento e piscinas do Parque Monte do Gozo inclúese no Plan director do Camiño de Santiago, no que se veñen desenvolvendo desde o ano 2015 importantes melloras na ruta xacobeá coa vista posta no Xacobeo 2021. O contrato terá unha concesión de 10 anos e poderá ser prorrogado outros 5 anos máis previo acordo.

Tras ter completado boa parte das actuacións, o pasado verán comezaron a funcionar as piscinas, cuxa posta en marcha é considerada un éxito, cunha elevada e constante afluencia de persoas durante todo este tempo, onde se estima que en determinados momentos se chegou a rexistrar unha media de mil persoas diarias.

No futuro, estas piscinas serán explotadas conxuntamente coa zona de aloxamento, cuxo procedemento está en marcha despois de que fora autorizado polo Consello da Xunta. Inclúe 18 pavillóns, un centro de recepción, 2 módulos de restaurante e cafetería.

Tamén contempla zonas de circulación para vehículos e peóns, zonas de estacionamento, espazos verdes, a praza central e 7 locais destinados a tendas. Falamos en total dunha superficie que supera os 63.000 metros cadrados.

Instalouse, ademais, un campo de disc golf nunha zona onde se colocaron grandes letras co nome do 'Parque do Monte do Gozo', onde os peregrinos estanse xa a fotografar para



inmortalizar o seu paso por este lugar. Trátase dun deporte implantado en distintos países de Europa, Estados Unidos, Canadá, Australia... Países dos que recibimos numerosos peregrinos. Moi similar ao golf, substitúe os paus e pelotas por un disco voador. En lugar de ter foxos, conta con cestas ancoradas ao solo. Santiago de Compostela conta desde 2014 cun club de disc golf.

Turismo de Galicia tamén acondicionou a contorna da capela de San Marcos, cuxa rexeneración devolve ao peregrino a visión das torres da Catedral de Santiago grazas a unha elevación que lembra os tradicionais milladoiros.

A naturalización dos camiños, o arroupamento do monumento Juan Pablo II con carballos fincados ou a apertura de novos camiños cunhas pendentes máis accesibles e uns anchos máis acordes co uso peonil son outras das melloras levadas a cabo.

Ademais, a contorna da estatua dos peregrinos de Acuña converteuse nun parque inglés ampliando a visión da cidade e a catedral. Inclúe un sendeiro en forma de anel practicamente sen pendente apto para sendeirismo, así como bancos de pedra.

O prestixioso paisaxista João Nunes implicouse nesta reforma desenvolvida por Turismo de Galicia, na cal tamén destacan as intervencións da orla central con bancos, bancos-cama, mesas para picnic, espazos de auga e sombras de árbores froiteiras onde os peregrinos e os cidadáns poderán descansar.

Esta revitalización do parque Monte do Gozo adáptase ás necesidades dos peregrinos na actualidade e reforza a condición de Santiago de Compostela como meta de peregrinación, afondando na liña seguida coa construción doutras destacadas infraestruturas como o Centro Internacional de Acolida ao Peregrino ou a adecuación dos últimos tramos dos diferentes itinerarios da ruta xacobeana na súa entrada na cidade. Paralelamente as intervencións realizadas fan deste espazo verde unha zona de lecer para os santiagueses. De feito, este é o parque de máis extensión e agora gaña numerosas opcións de lecer, para a práctica de diferentes deportes ou para descansar.

En total, lévanse investidos no Plan de Actuación do Parque Monte do Gozo ao redor de 1,5 millóns de euros e aínda estamos levando a cabo máis traballos.

Tense previsto inaugurar en breve unha zona de recepción para os peregrinos que chegan a cabalo. E actuar na zona do auditorio para poñela a punto.

Todas estas obras forman parte do Plan director e estratéxico do camiño de Santiago, con que estamos a mellorar os diferentes itinerarios coa vista posta no Xacobeo 2021. Conta cun orzamento de máis de 56 millóns de euros e xa executamos máis do 50%.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24346
Data envío: 30/01/2018 09:18:55.069

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:18:51

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 20766**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación da necesidade de crear un punto de atención continuada específico para a cobertura da atención sanitaria dos concellos de Barbadás, San Cibrao das Viñas e Toén”**, (publicada no BOPG número 223 do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A poboación de Barbadas, Toén e San Cibrao das Viñas está correctamente atendida nos Centros de Saúde de A Valenzá, de Toén e de San Cibrao e no PAC de Ourense.

O 31 de xullo do ano 2006 creouse o PAC de Ourense, para atender aos usuarios da cidade de Ourense ademais de Toén, San Cibrao, Barbadas, Nogueira de Ramuín e Pereiro de Aguiar.

Está garantido o espazo temporal de 30 minutos para achegarse os usuarios destes concellos ata o Pac de Ourense (o Concello de Barbadás está situado a unha distancia de 10,3 km de Ourense, en tempo 16 minutos; o Concello de Toén esta situado a unha distancia de Ourense de 15,2 km, en tempo 24 minutos e está separado de Barbadas a 13,8 Km, en tempo 20 minutos. O Concello de San Cibrao das Viñas está a 12 minutos e 6,5 Km de Ourense e a 8 minutos e 6,6 Km de Barbadás).

No ano 2015, incrementouse unha praza de pediatra e enfermería de pediátrica, o que supuxo unha mellora significativa para a poboación en idade pediátrica así como para a poboación nova, que supón un volume moi importante no Concello de Barbadás.

No Concello de Barbadás atópanse dúas residencias socio-sanitarias, que atenden a pacientes discapacitados o que supón que 293 pacientes contan con persoal sanitario propio.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:45
Nº Rexistro: 24551
Data envío: 31/01/2018 09:45:37.273

Desde o Pac de Ourense faise atención domiciliaria a todos os pacientes que polas súas necesidades físicas así o indican, polo que esta dotado de transporte.

A patoloxía desta zoa non é diferente á de outras da EOXI, nin do resto da Comunidade, si ben é verdade que a porcentaxe de maiores de 65 anos aquí é menor e polo tanto a prevalencia de pacientes crónicos complexos tamén o é.

Conta con atención pediátrica en xornadas de mañá e tarde, con matrona para a atención as mulleres en idade fértil e cunha carteira de servizos ampla, que da resposta ao problemas actuais de saúde desa poboación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 928c4f2-69b7-2591-df35-1b1109f050e9

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:45
Nº Rexistro: 24551
Data envío: 31/01/2018 09:45:37.273

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:45:31

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 20910**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón García Sánchez, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para protexer a praia das Catedrais, no concello de Ribadeo, da masificación de visitantes”**, (publicada no BOPG número 223 do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia desenvolve unha promoción de todo o territorio galego facendo fincapé en novos produtos desestacionalizadores e sostibles, que teñan un impacto positivo sobre a economía galega. Mostra disto son os dez produtos cabeceira de marca, o desenvolvemento do turismo cultural ou do turismo de natureza.

Na praia das Catedrais desenvolveuse un fenómeno de gran popularidade para os turistas que levou a Xunta de Galicia a adoptar unha serie de medidas para protexer o recurso, ás persoas visitantes e facilitar o acceso ao mesmo en condicións de seguridade. As medidas desenvolvidas foron a adecuación e ordenación do entorno, a construción do aparcadoiro, servizos hixiénicos, etc. Especialmente limitouse o acceso nas tempadas de maior afluencia sen chegar a establecer un prezo polo acceso. Polo que as limitacións establecidas supuxeron unha mellora na experiencia da visita ao monumento natural e un maior nivel de seguridade.

Así mesmo, Turismo de Galicia elaborou e distribuíu un folleto con todas as posibilidades que A Mariña Lucense, e especialmente a costa, ofrece aos visitantes. O folleto titulado 'Alén das Catedrais' pretende distribuír os importantes fluxos turísticos atraídos polo monumento natural, por toda a comarca, salientando recursos naturais, culturais ou etnográficos. Pero especialmente facendo fincapé en que o fenómeno xeolóxico das Catedrais pode observarse noutros lugares desa mesma costa.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:45
Nº Rexistro: 24550
Data envío: 31/01/2018 09:45:13.695

De cara ao futuro estarase monitorizando a afluencia de visitantes co fin de adoptar as medidas que sexan necesarias tal e como se fixo ata agora.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: d824ae37-5ff4-9796-ad54-21b5aa6ab737

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:45
Nº Rexistro: 24550
Data envío: 31/01/2018 09:45:13.695

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:44:50



RS/ms

Con data 31.01.2018, e número de rexistro 24550, tivo entrada no Parlamento resposta á pregunta 20910, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para protexer a praia das Catedrais, no concello de Ribadeo, da masificación de visitantes”**. Debido a un erro involuntario omitiuse unha parte da contestación, polo que pasamos a remitir a resposta completa formulada pola consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e Axencia de Turismo de Galicia, e que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia desenvolve unha promoción de todo o territorio galego facendo fincapé en novos produtos desestacionalizadores e sostibles, que teñan un impacto positivo sobre a economía galega. Mostra disto son os dez produtos cabeceira de marca, o desenvolvemento do turismo cultural ou do turismo de natureza.

Na praia das Catedrais desenvolveuse un fenómeno de gran popularidade para os turistas que levou a Xunta de Galicia a adoptar unha serie de medidas para protexer o recurso, ás persoas visitantes e facilitar o acceso ao mesmo en condicións de seguridade. As medidas desenvolvidas foron a adecuación e ordenación do entorno, a construción do aparcadoiro, servizos hixiénicos, etc. Especialmente limitouse o acceso nas tempadas de maior afluencia sen chegar a establecer un prezo polo acceso. Polo que as limitacións establecidas supuxeron unha mellora na experiencia da visita ao monumento natural e un maior nivel de seguridade.

Así mesmo, Turismo de Galicia elaborou e distribuíu un folleto con todas as posibilidades que A Mariña Lucense, e especialmente a costa, ofrece aos visitantes. O folleto titulado 'Alén das Catedrais' pretende distribuír os importantes fluxos turísticos atraídos polo monumento natural, por toda a comarca, salientando recursos naturais, culturais ou etnográficos. Pero especialmente facendo fincapé en que o fenómeno xeolóxico das Catedrais pode observarse noutros lugares desa mesma costa.

De cara ao futuro estarase monitorizando a afluencia de visitantes co fin de adoptar as medidas que sexan necesarias tal e como se fixo ata agora

Por outra banda, indicar dende a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que desde a aprobación en 2015 do Plan de conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais o número de persoas visitantes que contaron con autorización para o acceso en épocas de limitación ascendeu a 785.638.

O impacto que poden causar as visitas ao monumento natural están indicadas no propio Plan de Conservación, no que se indica que a afluencia masiva de visitantes pode constituír un elemento de presión na conservación dos valores ambientais e paisaxísticos das Catedrais. Cómpre subliñar que actualmente non se aprecia degradación no estado de conservación do monumento que poida atribuírse de xeito directo á acción externa derivada do uso público.

As medidas tomadas e a tomar pola Xunta de Galicia tamén están contempladas no Plan de Conservación.

Por unha parte acordouse unha limitación de acceso ao monumento natural nos meses de verán e a Semana Santa, estando fixado o límite en 4.812 persoas diarias. Este límite non é fixo, senón que o plan prevé que da análise do seguimento desta medida poden modificarse, tanto as datas nas que se regula o acceso, como o límite máximo de visitas diarias. No caso de que se observe que as visitas poden supoñer un risco para a conservación dos valores que motivaron a declaración do monumento natural podería modificarse esta limitación.

Por outro lado nos períodos de limitación a Xunta conta cun servizo de apoio ao uso público consistente en catro guías que realizan as funcións de control e xestión de visitantes, catro persoas para o control e xestión das áreas de aparcamento e catro educadores ambientais que levan a cabo funcións de educación e información ambiental, incluídas as visitas guiadas.

Aparte destas medidas leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Habilitouse parte dun sendeiro ata a praia das Catedrais, dentro do programa de camiños naturais nun tramo cuxo trazado corresponde coa ruta do Camiño Natural de la Ruta del Cantábrico.
- Colocouse valado nos puntos onde se ten observado o incumprimento dos sinais alertando do perigo para os visitantes, na beira das sendas existentes.



- Instaláronse bolardos na estrada para evitar os aparcamentos indebidos e a mellora do tráfico na zona.
- Mantéñense contactos cos dous concellos para o establecemento de lugares de aparcadoiros alternativos.
- e tamén se contactou co Servizo Provincial da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar para a mellora da entrada do aparcadoiro deste organismo.

Polo que respecta ao Plan Especial de Protección das Catedrais, cómpre sinalar que a conservación e protección do espazo natural é un obxectivo que orienta as actuacións da Xunta de Galicia, polo que, todas as medidas de protección adicionais deben ter unha acollida favorable, sempre e cando atendan ao disposto nos instrumentos específicos de planificación ambientais destes espazos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2018 13:41
Nº Rexistro: 25363
Data envío: 06/02/2018 13:41:56.502

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2018 13:41:35



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24343
Data envío: 30/01/2018 09:18:25.616

Data 30/01/2018 09:18

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 20954**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre **“as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego en relación coa problemática xerada con motivo da apertura do Centro de Saúde do Couto na cidade de Ourense”**, (publicada no BOPG número 223, do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde do Couto (Ourense) entrou en funcionamento o 27 de novembro de 2017, unha vez executadas as obras de urbanización do entorno que foron imprescindibles para a concesión da licenza de ocupación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24343
Data envío: 30/01/2018 09:18:25.616

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:18:20



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 21084**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do encaixe en calquera código deontolóxico dun medio de comunicación público da información publicada pola TVG o día 30 de novembro de 2017 en relación co tenente alcalde de Lalín”**, (publicada no BOPG número 226 do 14 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“A Corporación Radio e Televisión de Galicia é unha entidade con personalidade xurídica propia, autónoma na súa xestión e independente no seu funcionamento respecto da Xunta de Galicia. Así o establecen a Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e o Mandato marco, aprobados ambos polo Parlamento galego.

Polo tanto, axustándose ao establecido legalmente, a Xunta de Galicia non se pronuncia ao respecto de calquera cuestión ou aspecto relacionados co labor dos seus directivos e profesionais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24685
Data envío: 31/01/2018 14:52:18.891

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:51:58



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13127**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles García Míguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia en materia de sensibilización social sobre a liberdade de orientación sexual das persoas”**, (publicada no BOPG número 159 do 7 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego segue avanzando no cumprimento da Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais, un texto aprobado en 2014 froito do consenso político dos grupos parlamentarios e que converteu Galicia na primeira autonomía cunha lei que consolida o principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI.

Dende a entrada en vigor da norma destacan, entre outras medidas adoptadas, o establecemento por primeira vez dunha colaboración económica específica da Xunta de Galicia coas entidades LGTBI, a habilitación da posibilidade de atención directa a estas persoas a través dos Centros de Información ás Mulleres, a formación específica a corpos e forzas de seguridade do Estado en delitos de odio e discriminación, diversos avances no ámbito educativo (campaña ‘eu respecto’ de sensibilización, o Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero ou o I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020) ou a creación dunha Comisión Galega de Control da Violencia no deporte.

Nos tempos máis recentes cabe destacar a posta en marcha da unidade de atención á transexualidade para menores, así como a creación do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

A Xunta, coa creación da unidade de atención sanitaria e apoio aos/ás menores transexuais, cumpre o obxectivo de mellorar a calidade da atención asistencial; constitúe unha unidade de referencia concibida como unha unidade de apoio e acompañamento, entre profesionais, persoas transexuais, familiares ou persoas coidadoras, co fin de unificar e homoxeneizar a atención sanitaria aos nenos e nenas transexuais.

Pola súa banda, a constitución do Observatorio ten como obxectivo principal reforzar a loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, así como consolidar e defender os dereitos das persoas sexa cal sexa a súa orientación sexual e de xénero e promover valores como o respecto á diversidade e ao libre desenvolvemento das persoas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:23
Nº Rexistro: 24236
Data envío: 26/01/2018 12:23:47.730

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2018 12:23:42



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13184**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles García Míguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que está levando a cabo a Xunta de Galicia contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual na nosa Comunidade Autónoma”**, (publicada no BOPG número 159 do 7 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego vén mantendo un compromiso firme e prolongado no tempo a prol da erradicación da trata con fins de explotación sexual. Así, en xaneiro de 2010 Galicia foi pioneira na sinatura do Protocolo entre a Fiscalía Superior de Galicia e a Xunta de Galicia sobre a adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Na mesma liña, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero foi modificada en xullo do ano 2016 para, por unha banda, establecer como forma de violencia de xénero a definición de trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual coherente coa do Código penal e coa dos documentos internacionais e, por outra banda, garantir a incorporación das vítimas desta forma de violencia de xénero como beneficiarias da axuda periódica que ofrece a Xunta de Galicia, así como para establecer o prazo permanentemente aberto da solicitude dela. Tras estas modificacións o número de mulleres que percibiron axudas económicas periódicas aumentou no 2017 nun 28,7%.

Por outra banda, no labor do Goberno galego neste eido vén resultando fundamental a colaboración coas entidades que constitúen a Rede Galega contra a Trata, que contan, en moitos casos, cunha experiencia dilatada na asistencia ás vítimas no territorio.

Entre outras colaboracións, o Goberno galego apoia a través dunha orde de subvencións a estas entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de

atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Outro exemplo de actuación en marcha actualmente e dirixido á Rede Galega contra a Trata é o Proxecto Europeo ‘Draw the line’ dirixido a mulleres inmigrantes para previr a violencia sexual e o acoso. O principal obxectivo desta iniciativa é formar a mulleres inmigrantes que viven en Galicia para axudar a entender e combater a violencia de xénero. Deste xeito, trabállase con elas para que se convertan en líderes das súas comunidades e poidan exercer así un efecto multiplicador á hora de sensibilizar e tomar conciencia sobre o acoso sexual e a violencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:23
Nº Rexistro: 24234
Data envío: 26/01/2018 12:23:27.199

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2018 12:23:23



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13188**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles García Míguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os resultados da aplicación da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Dende a entrada en vigor da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, o Goberno galego levou a cabo importantes avances no cumprimento da mesma. Cómpre destacar, entre outros:

1. Colaboración coas asociacións, organizacións e colectivos LGTBI: No ano 2016, foi a primeira vez que o Goberno da Xunta de Galicia asinaba convenios de colaboración coas entidades LGTBI.

E así, no ano 2017 e por primeira vez, aparece recollida nos orzamentos da Comunidade galega unha partida específica destinada a colaborar coas entidades LGTBI de Galicia.

2. Servizo de atención directa á persoas LGTBI: dende o pasado ano os Centros de Información ás Mulleres (CIMs) poden informar, atender e asesorar ao colectivo LGTBI e ás súas familias, en colaboración cos gobernos locais.

3. Formación dos corpos e forzas de seguridade: durante o 2016 e o 2017 se desenvolveron cursos específicos de delitos de odio e de non discriminación.

4. Mellor atención sanitaria ás persoas transexuais, nomeadamente ás persoas menores: Galicia dotárase dunha unidade sanitaria de atención a menores transexuais, que se situará en Santiago de Compostela.

5. Moitas e importantes accións no ámbito educativo. Bos exemplos son a campaña ‘eu respecto’ de sensibilización escolar para a non discriminación por orientación sexual, o Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, o I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 ou a oferta por primeira

vez en 2016 da materia de libre configuración autonómica 'Igualdade de xénero' de libre elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato (aborda a temática 'relacións de xénero e afectividade').

6. Atención á xuventude a través dos Centros Quérote +: en 2016 un total de 7.000 mozos e mozas foron atendidas no servizo de asesoramento, 9.942 mozos e mozas participaron nos 389 obradoiros dentro do servizo formativo no que se imparten obradoiros sobre sexualidade, afectividade e convivencia en centros de ensino e outros ámbitos, e leváronse a cabo campañas de sensibilización a través das redes sociais e accións de rúa (Día mundial de loita contra a homofobia e a transfobia e Día do Orgullo).

7. Creación dunha Comisión Galega de Control da Violencia no deporte no pasado mes de xuño.

Por último, xa de xeito máis transversal, cómpre lembrar que o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 ten, entre as súas áreas estratéxicas de actuación a de 'Igualdade na educación e valores', cun obxectivo claro: impulsar o cambio de valores, actitudes, roles e estereotipos que sustentan a desigualdade de xénero a través dun modelo educativo que promova a equidade entre mulleres e homes en todas as súas dimensións. Do mesmo xeito, no Consello da Xunta do 6 de xullo de 2017 aprobouse a creación do Observatorio contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, que nace co obxectivo principal de consolidar e defender os dereitos das persoas sexa cal sexa a súa orientación sexual e de xénero."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24213
Data envío: 26/01/2018 09:28:07.236

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2018 9:27:45



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13190**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles García Míguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o traballo que ven de senvolvendo a Secretaría Xeral de Igualdade en relación á educación en igualdade”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2016, a Xunta de Galicia aprobou o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, que busca acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria a través da formación e a educación dos máis novos.

O obxectivo deste Plan é involucrar a todas as persoas que teñen algo que dicir no mundo educativo, incluído o alumnado, o profesorado, o persoal de administración e servizos e, por suposto, os pais e nais dos rapaces e rapazas.

O documento consta de 28 obxectivos e 87 medidas e réxese por catro principios fundamentais: introducir a igualdade de xénero como un elemento transversal e sempre presente na actividade educativa, construír unha sociedade igualitaria empregando a educación como medio, buscar o obxectivo violencia cero nas aulas e na sociedade, e educar na integración plena de todas as persoas, por riba da súa opción afectiva ou sexual.

O Plan reflicte o compromiso do Goberno galego coa igualdade de oportunidades e de xénero, avanzando na construción dun novo modelo educativo baseado no respecto, na liberdade e na igualdade.

Neste marco, no ano 2017, desde a S.X da Igualdade leváronse a cabo actuacións como:

- O 5 de maio de 2017, a celebración do XVIII Foro galego de educación en igualdade que levaba por título: #ciberigualdade: Influencia das redes sociais na construción dunha cidadanía dixital responsable, dirixido ao profesorado.
- Posteriormente, lanzouse o proxecto 'Maletas Viaxeiras' que achegou libros, folletos dípticos e trípticos, unidades didácticas, cadernos, e guías a diferentes centros educativos. Todos eles, materiais relacionados coa Igualdade de xénero e a sensibilización e prevención da violencia de xénero.
- E en novembro de 2017 organizouse a XIV Xornada de nais e pais educando en igualdade: rompendo cos estereotipos de xénero. Foi unha das edicións con maior asistencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:23
Nº Rexistro: 24232
Data envío: 26/01/2018 12:23:04.371

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2018 12:22:59



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13191**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles García Míguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actividades de visualización e participación que está a desenvolver a Secretaría Xeral de Igualdade para o fomento das Tecnoloxías de Información e Comunicación (TIC) nas rapazas dos centros educativos de Galicia”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a través do CESGA, é promotora do Proxecto Europeo ‘ICT-Go-Girls!, Promoción do emprendemento das rapazas de secundaria a través das TIC’, e xunto co Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, coordinan a iniciativa galega ‘Rapazas Emprendedoras Nas TIC’ no marco do Plan Proxecta. Esta iniciativa diríxese ás rapazas estudantes dos primeiros cursos de secundaria para proporcionarlles unha imaxe máis atractiva do mundo do emprendemento tecnolóxico cara lograr unha maior presenza feminina no eido das TIC.

O pasado 27 de abril de 2017, para celebrar o Día Internacional das Rapazas nas TIC, as devanditas entidades en colaboración coa Facultade de Informática da UDC, a Facultade de Ciencias da Educación da USC e Woman Emprende da USC celebraron unha xornada informativa. Nela participaron 4 mulleres galegas emprendedoras no ámbito das TIC, centros de ensino e o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.

Esta xornada tivo como obxectivo dar visibilidade ao colectivo de mulleres emprendedoras no eido das TIC, así como ofrecer un espazo de intercambio e comunicación entre elas e as rapazas e rapaces dos institutos de secundaria de Galicia.

O programa Rapazas nas TIC está deseñado para ofrecer unha serie de actividades de visualización e participación positiva das mulleres no eido das TIC, ademais de ofrecer vías para a participación das alumnas en accións de creación no ámbito das TIC nas que elas sexan as protagonistas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:45
Nº Rexistro: 24369
Data envío: 30/01/2018 09:45:43.001

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:45:38



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:53
Nº Rexistro: 24598
Data envío: 31/01/2018 09:53:48.730

Data 31/01/2018 09:53

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13739**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a imposibilidade dos médicos de Atención Primaria de receitar tratamentos innovadores para enfermidades crónicas”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Unha proporción moi significativa do orzamento sanitario está destinada aos medicamentos, polo que debemos ser especialmente rigorosos na súa utilización. No Sistema Sanitario Público de Galicia realizamos, coa imprescindible implicación dos profesionais, un uso eficiente dos recursos farmacolóxicos para garantir a introdución daqueles medicamentos innovadores que terían demostrada a súa eficacia e utilidade para os pacientes. A calificación do medicamento que o restrinxa a unha prescrición de ámbito hospitalario é outorgada pola AENPS, axencia reguladora e non depende da Comunidade Autónoma.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:53
Nº Rexistro: 24598
Data envío: 31/01/2018 09:53:48.730

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:53:39

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13740**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a imposibilidade dos médicos de Atención Primaria de receitar tratamentos innovadores para enfermidades crónicas”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Unha proporción moi significativa do orzamento sanitario está destinada aos medicamentos, polo que debemos ser especialmente rigorosos na súa utilización. No Sistema Sanitario Público de Galicia realizamos, coa imprescindible implicación dos profesionais, un uso eficiente dos recursos farmacolóxicos para garantir a introdución daqueles medicamentos innovadores que terían demostrada a súa eficacia e utilidade para os pacientes. A calificación do medicamento que o restrinxa a unha prescrición de ámbito hospitalario é outorgada pola AENPS, axencia reguladora e non depende da Comunidade Autónoma.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:53
Nº Rexistro: 24597
Data envío: 31/01/2018 09:53:34.198

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:53:30



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13742**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a xestión da situación de desabastecemento de vacinas contra a meninxite B no último ano”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos últimos anos estanse a producir problemas de desabastecemento de determinadas vacinas que repercuten sobre o programa galego de vacinacións.

Estes problemas veñen producidos por circunstancias alleas ao goberno galego, Son problemas a nivel mundial, que afectan a todas as Comunidades Autónomas do Estado e ao resto de países de Europa, de maneira variable entre estes dependendo de como estea configurado o seu calendario vacinal. En España, como dixemos, afecta a todas as CC.AA. dun xeito moi similar, xa que compartimos o calendario básico.

Neste sentido, tanto ante os problemas de falla de subministro da vacina Td como da dTpa, as CC.AA., coordinadas polo ministerio no seo da Comisión de Saúde Pública, puxéronse de acordo para dar unha resposta común e proceder a un reparto equitativo das doses dispoñibles nese momento e mentras se mantivera a situación de escasez.

Así se amosa na resposta dada ante a ausencia no mercado de doses da vacina dTpa, usada como dose de reforzo aos 6 anos: suspendeuse en maio do 2015 tras chegar a un acordo entre todas as CC.AA. e o ministerio, e reanudose o día 2 de maio deste ano, tras conseguirse doses por parte do ministerio, a través da Agencia Española de Medicamentos e Productos Sanitarios (AEMPS), e distribuírse de común acordo entre todas as CC.AA.

O mesmo sucedeu no caso da Td aos 14 anos. Neste caso a solución puido ser máis rápida, os problemas comezaron a principios deste ano e o 2 de maio anunciouse a súa resolución.

Estamos a falar de doses de recordo. Cando se decide, nun calendario, a qué idade é recomendable poñelas se teñen en conta varios factores como: a epidemioloxía en Galicia e España das enfermidades contra as que se vacina, a súa distribución etárea, os datos de

inmunoxenicidade provenientes de estudos metodolóxicamente robustos, as coberturas a acadar e os aspectos loxísticos a ter en conta.

Evidentemente son dosis necesarias para asegurar unha boa protección individual e colectiva, e por elo están incluídas nas pautas do calendario de vacinación, pero un certo retraso temporal para a administración desta dose non supón unha diferenza de risco que se poida cuantificar, é practicamente igual. Por elo a Comisión de Saúde Pública acordou no seu momento suspender temporalmente a dose de recordo con Td aos adolescentes e a os adultos.

Aunque non hai unha cifra temporal establecida, pero polo que coñecemos da dinámica da protección que consiguen as doses previas, terían que pasar varios anos para que o risco de sufrir a enfermidade fora significativamente superior na poboación sen dose de reforzo respecto a quen si a ten administrada.

A resposta a dar ante este problema mundial articulouse a través do ministerio e en consenso con todas as CC.AA.

Na nota informativa de data 10 de abril deste ano se anunciaba o restablecemento da distribución das vacinas dTpa e Td para o seu uso aos 6 anos e aos 14 anos a partir do 2 de maio, información ampliada nunha nova nota do 21 de abril.

Na páxina web da consellería poden consultarse estas notas:

[http://www.sergas.es/Saude-publica/Instruci%C3%B3ns-e-notas-informativas-.](http://www.sergas.es/Saude-publica/Instruci%C3%B3ns-e-notas-informativas-)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:53
Nº Rexistro: 24596
Data envío: 31/01/2018 09:53:23.964

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:53:19



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13746**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“o consumo de bebidas alcohólicas en Galicia por parte da mocidade e o grao de execución da Lei 11/2010 de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Sanidade a traves da web do SERGAS e da plataforma E-Saúde se están a levar a cabo campañas informativas para a prevención do consumo de alcohol entre a mocidade, todas a campañas que permitan concienciar á mocidade do perigos que conlevan para a saúde o consumo de alcohol así como doutras sustancias serán pasos importantes para poder erradicar este problema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 64b53c18-b299-4cf2-0669-1b53a09d0585

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:53
Nº Rexistro: 24595
Data envío: 31/01/2018 09:53:14.042

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:53:09



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13748**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “ **a previsión da Xunta de Galicia de realizar algún tipo de acción para reverter o efecto que ten sobre a poboación galega o Real Decreto 16/2012, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde**”, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia deseñouse un instrumento, o Programa Galego de Protección Social da Saúde Pública (PGPSSP), que, dende a entrada en vigor do RD 16/2012, permitiu seguir atendendo ás persoas que non reunían a condición de aseguradas, ou beneficiarias, e que non tiveran acceso ás prestacións sanitarias por outro medio.

A implantación do programa priorizou, en todo momento, a continuidade asistencial destas persoas, asegurando que quen o precisase puidera recibir a asistencia sanitaria que requirise.

Existen outros programas complementarios a este, o de atención aos menores estranxeiros en situación administrativa irregular que teñen acceso directo ao sistema sanitario público, de acordo co previsto no RD 16/2012; así como o programa de enfermidades transmisibles, polo que calquera inmigrante en situación irregular que non teña nin poida ter cobertura por

outro medio, con sospeita dunha enfermidade infecciosa de declaración obrigatoria, ou sospeita dela, recibe atención sanitaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:53
Nº Rexistro: 24594
Data envío: 31/01/2018 09:53:04.886

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:53:00



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:52
Nº Rexistro: 24591
Data envío: 31/01/2018 09:52:36.542

Data 31/01/2018 09:52

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13825**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas por parte dos profesionais de Atención Primaria do Sergas”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2014 iniciouse o proceso de modificación e extensión a todas as EOXI dos protocolos de solicitude de probas desde atención primaria. A situación actual non é totalmente homoxénea polo que se continuará traballando na elaboración dos protocolos así como na formación dos profesionais para unha correcta utilización e interpretación das distintas probas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:52
Nº Rexistro: 24591
Data envío: 31/01/2018 09:52:36.542

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:52:31



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13830**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración que fai a Consellería de Sanidade dos problemas de saturación das urxencias nos centros hospitalarios de Galicia e a necesidade de dotación de maiores medios humanos e materiais”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde elabora anualmente os correspondentes ‘Plans de Continxencia’ en cada unha das EOXI. Os plans recollen e planifican as accións a levar a cabo nos distintos hospitais das EOXI a fin de controlar as consecuencias debidas á propagación de onda de infección, evitar que se produzan abrochos dentro dos centros sanitarios, planificar os posibles picos de demanda nos diferentes dispositivos asistenciais, prestar a mellor asistencia posible a pacientes con gripe tratando de minimizar a incidencia sobre o funcionamento nos hospitais e describir os procedementos alternativos ao orden habitual da organización co fin de permitir ao máximo o normal funcionamento, contemplando a necesidade de habilitación de espazos específicos e de recursos tanto estruturais como de persoal según vaian crescendo as necesidades asistenciais durante esta época invernal.

O Servizo Galego de Saúde tamén conta coa información elaborada e remitida polo Servizo de Vixilancia Epidemiolóxica da Dirección Xeral de Saúde Pública (p.e. actividade gripal con intensidade, tendencia, difusión da onda da gripe, etc.)

A atención urxente de pacientes conleva a necesidade de dispoñer de dispositivos que permitan a selección de pacientes en función da gravidade das doenzas que presentan, proceso clave para a adecuada atención da demanda urxente, isto é a ‘Triaxe’, que se leva a cabo por persoal sanitario en todos os servizos de urxencias hospitalarias de rede pública de Galicia, concretamente a ‘Triaxe Manchester’ de utilización internacional, que clasifica aos pacientes en función da gravidade e necesidade de asistencia segundo un código de cores (vermello, laranxa,

amarelo, verde, azul e branco) e marca uns tempos estandar de asistencia (ata o primeiro contacto médico) diferentes segundo este código de cores.

Os Servizos de Urgencias dos hospitais públicos de Galicia, contan con profesionais de alta cualificación e formación así como con infraestrutura e equipamento de calidade, traballando con protocolos e sistemas de información que permiten o desenvolvemento do seu traballo nas mellores condicións.

Nos últimos anos levaronse a cabo ampliacións e unidades de nova creación, nos servizos de urgencias nalgúns hospitais como o CHUAC, O Hospital do Salnés, melloras no servizo de urgencias de Montecelo, a área de curta estancia dependente de urgencias no CHUO, habilitación de espazos no Hospital da Mariña para realizar a triaxe, etc.

Nos centros do Servizo Galego de Saúde realízanse os reforzos de persoal necesarios e axustados á demanda asistencial.

Por último, hai que ter en conta que aos servizos de urgencias hospitalarias acoden tamén pacientes con outras patoloxías non respiratorias, polo que aínda que é posible planificar a demanda pola onda de gripe, a entrada nos servizos de urgencias está sempre suxeita a cambios e circunstancias non previstas, o que engadido á discontinuidade característica da demanda urxente, pode provocar momentos punta de demanda.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:52
Nº Rexistro: 24590
Data envío: 31/01/2018 09:52:27.042

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:52:22



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13832**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego para restablecer os servizos do Hospital do Salnés despois da implantación das Estruturas Organizativas de Xestión Integral (EOXI)”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No hospital do Salnés trala implantación das EOXI non se perderon servizos, continúa a asistencia en neuroloxía e cardioloxía e, ademáis estableceuse unha nova asistencia, a de oncoloxía.

Polo que se refire a valoración da situación actual do hospital do Salnés en relación coa calidade e cantidade dos servizos que presta é correcta, tendo en conta ademáis que a calidade e cantidade dos servizos estanse incrementando, como por exemplo, coas novas urxencias con separación de adultos e pediatría, as diferentes zonas asistenciais, o novo bloque obstétrico e o novo bloque quirúrxico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:52
Nº Rexistro: 24588
Data envío: 31/01/2018 09:52:07.338

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:52:02



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13838**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a calidade das agullas empregadas polas persoas afectadas de diabetes e as medidas a adoptar para melloralas”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos casos nos que a incidencia non é un problema da técnica de inxección faise o cambio de agullas de menor calibre (32 G) sen ningún tipo de restricción e sen incremento do prezo do material para o sistema público.

Polo tanto estanse a recoller todas as incidencias para analizalas e buscar sempre a mellor solución para os pacientes e para o sistema sanitario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: d2bb1fd2-56b7-4726-ce62-55c4af8d5378

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:51
Nº Rexistro: 24586
Data envío: 31/01/2018 09:51:47.495

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:51:42



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13846**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as medidas que tomará a Xunta de Galicia en relación coa a dxudicación feita pola Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia 061, dependente do Sergas, entre 2014 e 2015”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de contratación realizouse de conformidade á Lei de Contratos do Sector Público e o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, garantindo en todo momento o cumprimento estricto da legalidade vixente.

Ata este momento, as resolucións de once recursos presentados ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (TACRC) de Madrid foron favorables á Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:51
Nº Rexistro: 24585
Data envío: 31/01/2018 09:51:37.182

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:51:33



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13852**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as consecuencias da política sanitaria no correspondente ao calendario vacinal e, concretamente, sobre o desabastecemento de vacinas contra a tose ferina e contra o Tétanos-difteria”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos últimos anos estanse a producir problemas de desabastecemento de determinadas vacinas que repercuten sobre o programa galego de vacinacións.

Estes problemas veñen producidos por circunstancias alleas ao goberno galego, Son problemas a nivel mundial, que afectan a todas as Comunidades Autónomas do Estado e ao resto de países de Europa, de maneira variable entre estes dependendo de como esté configurado o seu calendario vacinal. En España, como dixemos, afecta a todas as CC.AA. dun xeito moi similar, xa que compartimos o calendario básico.

Neste sentido, tanto ante os problemas de falla de subministro da vacina Td como da dTpa, as CC.AA., coordinadas polo ministerio no seo da Comisión de Saúde Pública, puxéronse de acordo para dar unha resposta común e proceder a un reparto equitativo das doses dispoñibles nese momento e mentras se mantivera a situación de escasez.

Así se amosa na resposta dada ante a ausencia no mercado de doses da vacina dTpa, usada como dose de reforzo aos 6 anos: suspendeuse en maio do 2015 tras chegar a un acordo entre todas as CC.AA. e o ministerio, e reanudose o día 2 de maio deste ano, tras conseguirse doses por parte do ministerio, a través da Agencia Española de Medicamentos e Productos Sanitarios (AEMPS), e distribuírse de común acordo entre todas as CC.AA.

O mesmo sucedeu no caso da Td aos 14 anos. Neste caso a solución puido ser máis rápida, os problemas comezaron a principios deste ano e o 2 de maio anunciouse a súa resolución.

Estamos a falar de doses de recordo. Cando se decide, nun calendario, a qué idade é recomendable poñelas se teñen en conta varios factores como: a epidemioloxía en Galicia e España das

enfermidades contra as que se vacina, a súa distribución etárea, os datos de inmunoxenicidade provenientes de estudos metodolóxicamente robustos, as coberturas a acadar e os aspectos loxísticos a ter en conta.

Evidentemente son doses necesarias para asegurar unha boa protección individual e colectiva, e por elo están incluídas nas pautas do calendario de vacinación, pero un certo retraso temporal para a administración desta dose non supón unha diferenza de risco que se poida cuantificar, é practicamente igual. Por elo a Comisión de Saúde Pública acordou no seu momento suspender temporalmente a dose de recordo con Td aos adolescentes e a os adultos.

Aunque non hai unha cifra temporal establecida, pero polo que coñecemos da dinámica da protección que consiguen as doses previas, terían que pasar varios anos para que o risco de sufrir a enfermidade fora significativamente superior na poboación sen dose de reforzo respecto a quen sí a ten administrada.

A resposta a dar ante este problema mundial articulouse a través do ministerio e en consenso con todas as CC.AA.

Na nota informativa de data 10 de abril deste ano se anunciaba o restablecemento da distribución das vacinas dTpa e Td para o seu uso aos 6 anos e aos 14 anos a partir do 2 de maio, información ampliada nunha nova nota do 21 de abril.

Na páxina web da consellería poden consultarse estas notas:

[http://www.sergas.es/Saude-publica/Instruci%C3%B3ns-e-notas-informativas-.](http://www.sergas.es/Saude-publica/Instruci%C3%B3ns-e-notas-informativas-)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:51
Nº Rexistro: 24583
Data envío: 31/01/2018 09:51:17.963

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:51:10



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13854**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “**a dotación de equipamento e servizos do centro de día de Cambados**”, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 20211 sobre similar tema e publicada no BOPG 234, do 29.12.2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24699
Data envío: 31/01/2018 14:54:54.939

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:54:48



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13856**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“os problemas de contratación temporal de persoal na sanidade galega”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde mantivo unha xuntanza cos sindicatos da mesa sectorial de sanidade en outubro de 2016 co obxecto de analizar a situación dos nomeamentos eventuais do persoal e a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea.

Nese mesmo momento a administración clarificou que se trata dunha sentenza ditada a consecuencia dunha cuestión prexudicial prantexada por un xulgado con ocasión dunha demanda dunha profesional do Servizo Madrileño de Saúde, non do Sergas; e que esta resolución avala a existencia de sucesivos contratos temporais formalizados cos profesionais, sempre que respondan a necesidades coxunturais non permanentes e existan razóns obxectivas para a súa formalización. Tamén permite a existencia doutro tipo de nomeamentos como os de substitución ou os de curta duración (pool), fundados nas necesidades do sistema sanitario.

No sistema sanitario público de Galicia estase a cumprir o Pacto de contratación temporal recentemente asinado coas organizacións sindicais e ademais as causas que motivan os nomeamentos poden ser periodicamente revisadas de cara a valorar a creación de prazas estruturais nos centros de conformidade coas dispoñibilidades orzamentarias. Neste sentido, no ano 2015 estabilizáronse máis de 1000 profesionais e no ano 2016 case 800.

A estabilidade no emprego constituíu nestes últimos anos unha das liñas básicas da política de recursos humanos do Servizo galego de saúde, que se manterá de cara ao futuro.

A través do Decreto 125/2017, do 30 de novembro, apróbase a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Sergas. (1.616 prazas).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:50
Nº Rexistro: 24581
Data envío: 31/01/2018 09:50:53.932

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:50:49



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13887**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“o número de receitas de amoxetina e metilfenidato, fármacos para o tratamento do TDAH, e o custo económico para a Xunta de Galicia entre o ano 2012 e o 2016”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Información da facturación das receitas dos principios activos Atomoxetina e Metilfenidato ao Servizo Galego de Saúde 2012- 2016 é a seguinte:

	2012		2013		2014	
	Gasto SERGAS	Receitas	Gasto SERGAS	Receitas	Gasto SERGAS	Receitas
ATOMOXETINA	416.623,40 €	5.582	428.240,21 €	5.867	495.188,29 €	7.188
METILFENIDATO	2.988.677,98 €	89.276	2.734.573,92 €	95.261	2.102.877,41 €	97.976

	2015		2016	
	Gasto SERGAS	Receitas	Gasto SERGAS	Receitas
ATOMOXETINA	517.332,70 €	7.372	538.517,82 €	7.640
METILFENIDATO	1.842.757,49 €	93.607	1.829.712,99 €	95.554

Polo que se refire ás iniciativas postas en marcha polo Servizo Galego de Saúde na mellora da asistencia aos pacientes con Trastorno por déficit de atención e hiperactividad contamos co 'Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario', elaborado entre a Consellería de Educación e a de Sanidade desde o ano 2014. A finalidade deste protocolo é axudar a identificación de posibles nenos e nenas susceptibles de ter esta patoloxía no seu ámbito educativo e familiar, así como coordinar as actuacións no ámbito educativo e sanitario. Este documento, elaborado de forma integral e de colaboración entre ambas consellerías facilita a identificación e diagnose temprana e a posta en marcha das medidas terapéuticas farmacolóxicas e non farmacolóxicas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:49
Nº Rexistro: 24573
Data envío: 31/01/2018 09:49:33.259

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:49:26



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13895**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “**a existencia dunha estratexia definida para mellorar o tratamento integral da fibromialxia**”, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Tanto na Consellería de Sanidade como no Servizo Galego de Saúde vense traballando para acadar unha atención integral de calidade ás persoas diagnosticadas de fibromialxia.

Constitúese un grupo de traballo multidisciplinar de profesionais do ámbito da atención primaria e hospitalaria, expertos no manexo de pacientes con fibromialxia, co obxectivo de elaborar un documento de consenso de atención á fibromialxia.

Este grupo de traballo desenvolveu o Proceso asistencial integrado de atención á fibromialxia, que concreta, de maneira clara e precisa, a sistemática de atención a estas/estes pacientes, coordinando os distintos profesionais implicados en todos os niveis asistenciais, para minimizar os tempos de espera, facilitar a continuidade asistencial e basear a práctica clínica na mellor evidencia científica dispoñible.

O documento do Proceso asistencial integrado de atención á fibromialxia publicouse no ano 2013 e presentouse en todas as Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXIs). Así mesmo, está dispoñible para os profesionais implicados na atención a pacientes con fibromialxia na Intranet da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde ([http://intranet/DOCUMENTOSA asistencia](http://intranet/DOCUMENTOSA asistencia%20Sanitaria/201311/PAI_FIBROMIALGIA_261113[1]_20131128_110817_4381.pdf)

[%20Sanitaria/201311/PAI_FIBROMIALGIA_261113\[1\]_20131128_110817_4381.pdf](http://intranet/DOCUMENTOSA asistencia%20Sanitaria/201311/PAI_FIBROMIALGIA_261113[1]_20131128_110817_4381.pdf)), e para a cidadanía en xeral na extranet da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde

(<http://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Documents/625/Proceso%20asistencial%20integrado%20de%20atenci%c3%b3n%20%c3%a1%20fibromialxia.pdf>).

Outro aspecto que favorece a mellora na abordaxe das enfermidades é a participación das/dos cidadás/cidadáns na xestión do Sistema Publico de Saúde, que no caso da fibromialxia está representada por distintas asociacións no Consello Asesor de Pacientes.

Na procura de poder identificar ás/aos pacientes afectadas/os por fibromialxia en Galicia, no mes de maio de 2013 realizouse unha petición expresa por parte da Comunidade Autónoma de Galicia, á Unidade Técnica de Codificación con CIAP-2 (Clasificación Internacional de Atención Primaria) do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa intención de codificar dunha forma máis certa a estas persoas. O Ministerio procedeu a desdobrar un código diagnóstico inespecífico previo, coa fin de identificar correctamente a través dos sistemas de información corporativos ás/aos pacientes xa diagnosticadas/os desta patoloxía na historia clínica electrónica (IANUS en Galicia).

Este código quedou reflectido no Proceso asistencial integrado de atención á fibromialxia do Servizo Galego de Saúde para fomentar a identificación inequívoca destas persoas. Desde esta data ata o 31 de decembro de 2016, están correctamente identificados en IANUS un total de 6.454 pacientes (6.239 mulleres e 215 homes).

No que respecta á consideración da fibromialxia a efectos de incapacitación laboral, é competencia do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).

Na actualidade a adaptación ou cambio de posto de traballo por razóns de protección da saúde no Servizo Galego de Saúde, está regulada pola seguinte normativa:

- A Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais, no seu artigo 25 establece a obriga empresarial de garantir de xeito específico a protección dos e das traballadores/as que polas súas singulares características persoais, ou estados biolóxicos coñecidos, sexan especialmente sensibles aos riscos derivados do traballo.
- A Consellería de Sanidade establece na Orde do 16 de setembro de 2008 o procedemento para a adaptación de postos e condicións de traballo por razóns de protección da saúde e da maternidade nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde. Esta Orde modificouse no artigo 5 pola Orde do 8 de novembro de 2012.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:49
Nº Rexistro: 24572
Data envío: 31/01/2018 09:49:21.962

- A Orde do 8 de novembro de 2012, establece no seu artigo único, que modifica o artigo 5º da Orde do 16 de setembro de 2008: ‘as actuacións de adaptación das condicións de traballo, ou de adscrición temporal a outro posto de traballo, adoptaranse cando e na medida en que sexa preciso para garantir a seguridade e saúde do/a traballador/a, con aplicación pola súa orde dos criterios establecidos nos artigos 33 e 34 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo’.

Na actualidade, no Instituto de Investigación Sanitaria (IDIS) de Santiago de Compostela existe un equipo de profesionais pertencentes ao grupo de neurociencia cognitiva do Grupo de Investigación en Neurociencias que está a traballar nun proxecto que ten como obxectivo a avaliación neuropsicolóxica e psicofisiolóxica de persoas con fibromialxia (<http://www.idisantiago.es/neurociencias/>).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:49
Nº Rexistro: 24572
Data envío: 31/01/2018 09:49:21.962

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:49:17



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13905**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “ **as consecuencias da falta de persoal no Sergas, a execución do acordo parlamentario de marzo de 2017 para convocar neste ano una OPE de 1600 prazas e os datos de contratación e situación laboral dos traballadores do Sergas**”, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde mantivo unha xuntanza cos sindicatos da mesa sectorial de sanidade en outubro de 2016 co obxecto de analizar a situación dos nomeamentos eventuais do persoal e a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea.

Nese mesmo momento a administración clarificou que se trata dunha sentenza ditada a consecuencia dunha cuestión prexudicial prantexada por un xulgado con ocasión dunha demanda dunha profesional do Servizo Madrileño de Saúde, non do Sergas; e que esta resolución avala a existencia de sucesivos contratos temporais formalizados cos profesionais, sempre que respondan a necesidades coxunturais non permanentes e existan razóns obxectivas para a súa formalización. Tamén permite a existencia doutro tipo de nomeamentos como os de substitución ou os de curta duración (pool), fundados nas necesidades do sistema sanitario.

No sistema sanitario público de Galicia estase a cumprir o Pacto de contratación temporal recentemente asinado coas organizacións sindicais e ademáis as causas que motivan os nomeamentos poden ser periodicamente revisadas de cara a valorar a creación de prazas estruturais nos centros de conformidade coas dispoñibilidades orzamentarias. Neste sentido, no ano 2015 estabilizáronse máis de 1000 profesionais e no ano 2016 case 800.

A estabilidade no emprego constituíu nestes últimos anos unha das liñas básicas da política de recursos humanos do Servizo galego de saúde, que se manterá de cara ao futuro.

A través do Decreto 125/2017, do 30 de novembro, apróbase a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Sergas. (1.616 prazas).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:49
Nº Rexistro: 24571
Data envío: 31/01/2018 09:49:12.712

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:49:08



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13908**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a discordancia entre o proxecto de orzamentos de 2017 e o orzamento executado en 2016 no correspondente ao número e contías de capeláns no Sergas”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O orzamento inicial do ano 2016 foi de 683.498 euros e o gasto total ascendeu a 587.013 euros.

No orzamento inicial do 2017 dótese de 705.159 euros, o incremento é consecuencia da aplicación dos incrementos nas pagas extraordinarias dun 3,17 % sobre o orzamento do 2016.

Nos últimos anos non se ten modificada a dotación de 52 prazas de capeláns no cadro de persoal do Servizo Galego de Saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:49
Nº Rexistro: 24570
Data envío: 31/01/2018 09:49:01.056

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:48:56



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14176**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para a protección e apoio das familias monoparentais”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 5009 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24696
Data envío: 31/01/2018 14:54:21.845

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:54:16



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:37
Nº Rexistro: 24356
Data envío: 30/01/2018 09:37:55.701

Data 30/01/2018 09:31

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 18262**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da consignación dunha partida orzamentaria suficiente para a execución do acordo parlamentario referido á Atrofia Muscular Espiñal, así como as xestións que está a levar a cabo para o seu cumprimento”**, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 23.05.2017- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á pregunta 9130 sobre similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:37
Nº Rexistro: 24356
Data envío: 30/01/2018 09:37:55.701

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:31:50



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19473**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a denuncia presentada por nove familias galegas afectadas polo peche da entidade colaboradora de adopción internacional Addis Galicia que viña tramitando os expedientes de adopción en Etiopía e Burundi, así como a problemática e existente ao respecto”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 19474 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24692
Data envío: 31/01/2018 14:53:32.782

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:53:28



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24344
Data envío: 30/01/2018 09:18:35.163

Data 30/01/2018 09:18

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 20953**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre **“a avaliación do Goberno galego en relación co inicio da actividade do Centro de Saúde do Couto na cidade de Ourense, os protocolos desenvolvidos pola Consellería de Sanidade para a reorganización da atención sanitaria e as medidas adoptadas ou previstas diante da problemática xerada con motivo da súa apertura, así como os datos referidos ao cadro de persoal e número de tarxetas adscritas ao centro”**, (publicada no BOPG número 223, do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde do Couto (Ourense) entrou en funcionamento o 27 de novembro de 2017, unha vez executadas as obras de urbanización do entorno que foron imprescindibles para a concesión da licenza de ocupación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24344
Data envío: 30/01/2018 09:18:35.163

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:18:31



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:59
Nº Rexistro: 24647
Data envío: 31/01/2018 12:59:31.551

Data 31/01/2018 12:59

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 22068**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego dos problemas de saturación dos hospitais, as medidas extraordinarias que e adoptaron para solventalos e os resultados das mesmas”**, (publicada no BOPG número 234 do 29 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 23.01.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á pregunta 22065 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/a deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:59
Nº Rexistro: 24647
Data envío: 31/01/2018 12:59:31.551

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 12:59:27



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13943**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a opinión do Goberno galego en relación cos orzamentos anunciados polo Goberno de España para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes**”, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 30 de maio de 2017 a Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, comparecía no Congreso dos Deputados para dar conta dos Orzamentos Xerais do Estado do seu departamento, que segundo informou se incrementaron nun 7,97% respecto aos do ano 2016, chegando aos 2.184,6 millóns de euros.

Así a Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero recibe 31,7 millóns de euros, o que supón un incremento de máis dun 25% con respecto ano 2016 e un 4,5% máis en relación ao ano 2011.

Neste ámbito, cómpre lembrar que o Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, recolle o seguinte Compromiso económico:

Por tanto, o compromiso económico global destinado a desenvolver este Pacto de Estado suporá un incremento de mil millóns de euros (1.000 €) durante os próximos cinco anos desagregados da seguinte forma: 100 millóns de euros adicionais destinados aos Concellos, 500 millóns de euros adicionais destinados ás Comunidades Autónomas e 400 millóns de euros adicionais destinados a competencias estatais contra a Violencia de Xénero no marco dos Orzamentos Xerais do Estado.

O Goberno do Estado, as Comunidades Autónomas e a FEMP acordaron o 27 de decembro de 2017 na Conferencia Sectorial de Igualdade impulsar o desenvolvemento das medidas para este Pacto de Estado. Aprobouse así a constitución de varios grupos de traballo para a implantación das máis de dúascentas medidas prescritas e decidiuse priorizar un conxunto de actuacións para o ano 2018: sensibilización e prevención da violencia de xénero e sexual en todas as etapas

educativas, mellora da resposta institucional (entre outros aspectos, ampliación dos mecanismos para a acreditación das situacións de violencia de xénero), maior protección aos menores, impulso da formación dos profesionais dos ámbitos policial e xudicial, mellora do coñecemento e estatístico e medidas para a visualización e atención a outras formas de violencia contra a muller (nomeadamente, a sexual).

En canto aos orzamentos adicados polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para a implantación dos plans de Igualdade en pequenas e medianas empresas, cómpre indicar que o Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades (IMIO), organismo dependente do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, financia dende 2008 os custos derivados da elaboración e implantación de plans e medidas de igualdade nas pequenas e medianas empresas, con plantillas de entre 30 e 250 traballadores/as

En 2017, o IMIO decidiu continuar coa liña de subvencións á pequena e mediana empresa para a elaboración e implantación de plans de igualdade. Así a partida para plans Igualdade nas empresas pasou de 900.000 € en 2016 a 1.250.000 € en 2017.

É preciso destacar o servizo integral de acompañamento e asesoramento técnico (en liña e telefónico), de carácter gratuíto, para a elaboración e implantación de plans e medidas de igualdade, a través da páxina web: www.igualdadadenlaempresa.es.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:21
Nº Rexistro: 24225
Data envío: 26/01/2018 12:21:42.011

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2018 12:21:37



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:21
Nº Rexistro: 24224
Data envío: 26/01/2018 12:21:29.323

Data 26/01/2018 12:21

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18237**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para o cumprimento do acordo parlamentario do 27 de setembro de 2017 referido á situación das autoescolas galegas, as medidas fiscais ou económicas adoptadas para minorar o seu impacto e os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O pasado mes de outubro, responsables do Igape e da Secretaría Xeral de Emprego mantiveron un encontro de traballo coa directiva das asociacións de autoescolas de Galicia para coñecer polo miúdo a súa situación e as posibilidades de apoio que se podían achegar desde o Goberno galego.

Como resultado desta xuntanza, as organizacións están a traballar nun proxecto de propostas que poderían contribuír á reactivación do sector. En todo caso, cómpre recordar que hai un mes que os examinadores de tráfico desconvocaron os paros parciais que viñan desenvolvendo.

Por último, cómpre engadir que o Goberno galego deu traslado do acordo parlamentario acadado ás instancias que se recollían no propio texto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:21
Nº Rexistro: 24224
Data envío: 26/01/2018 12:21:29.323

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2018 12:21:09

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18636**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o grao de desenvolvemento actual do Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021, así como as contías públicas recibidas polos concellos galegos polo que pasa algún dos camiños de Santiago, a través de subvencións, axudas ou convenios relacionados co Camiño ou cos equipamentos dotacionais referidos a el, desde o ano 2015”**, (publicada no BOPG número 194 do 17 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Galicia celebrou o seu último Xacobeo no ano 2010, unha cita moi recordada e que bateu todos os récords arredor do Camiño de Santiago. Co peche da Porta Santa ao final dese Ano Santo, comezou un longo período, no que aínda nos atopamos, de once anos sen ningún Xacobeo.

Once anos son moitos, e para que as cousas saian como é debido, é preciso preparalas con tempo. Por iso, no ecuador deses once anos, no 2015, decidimos comezar a preparar o próximo Xacobeo 2021. Nunca antes un Ano Santo comezara a prepararse con esta antelación, pero se aspiramos a celebrar o mellor da historia, non podería ser doutro xeito.

Por iso, en setembro do ano 2015, aínda na anterior lexislatura, a Xunta aprobou o Plan director do Camiño de Santiago. É un plan con oito liñas estratéxicas que traballan de xeito simultáneo en todos os eidos: desde a coordinación entre as institucións implicadas na ruta xacobeá á preservación e potenciación dos seus valores patrimoniais; desde as tarefas de conservación e mantemento ao impulso da sustentabilidade.

Desde o fortalecemento da cidade de Santiago de Compostela como meta da peregrinación ao reforzo de todos os itinerarios que conducen ata a capital; desde a mellora na atención aos peregrinos ao fomento da investigación, a comunicación e a divulgación do Camiño e a súa cultura a



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24557
Data envío: 31/01/2018 09:46:39.493

todos os niveis.

Impulsamos numerosas accións das que se benefician xa os milleiros de peregrinos que recibimos cada ano. Precisamente no mes de decembro produciuse a chegada do peregrino 300.000, consecuencia do intenso traballo feito pola Xunta grazas ao Plan director do Camiño de Santiago nos dous últimos anos.

De entre as numerosas actuacións desenvolvidas e as iniciativas postas en marcha, podemos destacar:

Ademais do mantemento integral nos diferentes itinerarios, rematamos xa os traballos de recuperación, mellora e sinalización do Camiño do Norte e do Camiño Primitivo, que abordamos en primeiro lugar despois de ter sido declarados Patrimonio Mundial pola Unesco. Así mesmo executamos traballos no Camiño Inglés e no Camiño Fisterra-Muxía.

Este ano 2018 é a quenda do Camiño Portugués e do Camiño Portugués da Costa. E seguiremos co resto para que todos estean nas mellores condicións antes do Xacobeo 2021.

Podemos tamén falar de albergues, cunha rede pública que medra en dúas direccións: coa apertura de novas instalacións nas distintas rutas e coa incorporación a dita rede de albergues municipais cuxos concellos pedíronnos facernos cargo deles.

O pasado verán abrimos o albergue da Fonsagrada, exemplo de rehabilitación dun edificio histórico do seu casco vello. Están en execución os albergues de Friol, O Pulo e Ourense . Cada un deles atópase nun itinerario distinto. E non serán os últimos.

Mentres, non deixamos de mellorar os existentes, con medidas que van desde o aforro enerxético á procura da accesibilidade para peregrinos con diversidade funcional. Adaptamos baños e dormitorios e instalamos sinalización táctil. Ademais, temos xa en marcha proxectos de accesibilidade universal nalgúns deles. É un feito por exemplo nos albergues de Melide e Arzúa, recentemente implementados neste sentido.

Dotámoslos tamén de conexión wifi como parte do plan Smart Camiño, que supuxo ademais a posta en marcha dunha nova app e web, con información para os peregrinos en tempo real.

Como se pode constatar, son medidas que favorecen a concellos de todas as provincias, de costa e de interior, nos que posibilitamos novas oportunidades para os seus veciños, principais beneficiados



da dinamización económica, social e cultural que o Camiño supón.

Como non podería ser doutro xeito, Santiago de Compostela centra tamén parte dos nosos esforzos. Velaí o Centro Internacional de Acollida ao Peregrino co que mudou a forma de entender a acollida na nosa capital. Con el demos resposta a unha necesidade derivada da internacionalización e aumento do número de peregrinos, este ano procedentes de 179 países.

O Plan director do Camiño de Santiago supuxo a posta en marcha de programas de animación para peregrinos e veciños como Cultura no Camiño, Vive o Camiño e Música no Camiño. Todos eles teñen como destinatarios a visitantes e galegos, cos que xeramos espazos de convivencia. Os primeiros achéganse así á nosa cultura. Os segundos enriquecécese nese diálogo cultural e sensibilízanse sobre os valores do Camiño.

A promoción tamén ocupa boa parte dos nosos esforzos. A ruta xacobeana divúlgase nas máis 50 de feiras tanto nacionais como internacionais ás que asistimos. De feito, atopámonos en plena preparación da feira Fitur, que se inaugura a vindeira semana, o 17 de xaneiro.

O Camiño de Santiago é un fenómeno vivo desde hai máis dun milenio. Os peregrinos e os galegos de cada época foron deixando nel a súa pegada e modelando os valores desta ruta. Son valores de paz que hai 30 anos levaron ao Consello de Europa a declaralo Primeiro Itinerario Cultural Europeo, un aniversario que o pasado outono conmemoramos amplamente.

Sen perder nunca a súa esencia, o Camiño foise adaptando en cada época ás necesidades dos peregrinos. E iso é o que fai o Plan director do Camiño de Santiago nesta segunda década do século XXI. Por iso, dotámolo dun orzamento de máis de 56 millóns de euros dos que xa executamos máis da metade.

Levamos dous anos de intenso traballo e, cando aínda restan tres anos máis para a celebración do Xacobeo 2021, o nivel de aplicación e cumprimento deste Plan director do Camiño de Santiago é moi elevado. Malia que o seu período de vixencia non chegou ao seu ecuador, executouse xa máis do 50%.

Así, puxemos en marcha tamén, a Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións, adscrita á USC e que supón un verdadeiro fito no mundo académico.

Traballamos en diálogo constante coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago, máis de 300 espalladas polo mundo; coas entidades eclesiásticas, sen as cales non se entendería este



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24557
Data envío: 31/01/2018 09:46:39.493

fenómeno e entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia e tamén co resto de niveis da administración.

Nas institucións comunitarias, nas que o Camiño é moi valorado, e co Goberno Central, a través da Comisión de Seguridade Viaria promovida pola Delegación do Goberno na nosa Comunidade ou do Consello Xacobeo, no que están presentes outras comunidades autónomas e que recuperou o seu papel grazas á Xunta. E, como non podería ser doutro xeito, mantemos un diálogo constante coas nosas deputacións e cos concellos galegos a través de innumerables canles.

Temos por diante unha gran oportunidade e desde Turismo de Galicia temos claro que non imos a desaproveitala. Por iso, os Orzamentos para 2018 contan coa primeira partida destinada á promoción do Xacobeo 2021, con tres anos de antelación. Será destacable 'O son do Camiño', un programa de concertos con artistas internacionais no renovado Parque Monte do Gozo, en Santiago de Compostela, e noutras cidades servirá como prólogo musical ao cada vez máis próximo Xacobeo 2021.

Galicia celebrará tamén neste ano o 25º aniversario da declaración do Camiño Francés como Patrimonio Mundial da Unesco. Tamén conmemoraremos os 20 anos de amizade entre a ruta xacobeá e o camiño Kumano Kodo de Xapón. De todo isto se extrae una oportunidade única para os concellos galegos polos que pasa algún dos camiños de Santiago.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 9fb347e7-2ed3-8518-a248-3d4977571208

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24557
Data envío: 31/01/2018 09:46:39.493

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:46:34



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:22
Nº Rexistro: 24230
Data envío: 26/01/2018 12:22:44.433

Data 26/01/2018 12:22

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13922**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de centros de información e asesoramento a mulleres que o Goberno galego considera necesarios na Comunidade Autónoma de Galicia e o orzamento dedicado para tal fin ”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Os Centros de Información á Muller (CIM) constitúen instrumentos de grande importancia no ámbito local para a promoción da igualdade de xénero, tanto polas actividades que desenvolven como pola atención que prestan ás persoas que demandan o seu servizo, principalmente nos ámbitos xurídico, psicolóxico e de información de acceso aos recursos dispoñibles.

Dentro da atención prestada merece destacar especialmente a das mulleres en situación de vulnerabilidade por diversos motivos e, en concreto, o servizo prestado a mulleres que foron vítimas de violencia de xénero ou que se atopaban en risco de seren vítimas desa situación.

Deste xeito os CIM convertéronse en ferramentas decisivas na prevención, detección, tratamento e loita en xeral contra esta praga social desde unha relación de proximidade e atención directa.

En consecuencia, a Xunta de Galicia valora moi positivamente que as entidades locais decidan constituír novos Centros de Información á Muller e vén apoiando o seu funcionamento mediante unha contribución económica estable: o programa de apoio aos

CIM da Xunta de Galicia ten investido un total de 28,3M€ dende 2009 ao 2017 no funcionamento destes centros.

Actualmente en Galicia están acreditados 81 Centros de Información ás Mulleres.

O mapa dos CIMS pode consultarse no seguinte link:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/centros-de-informacion-mulleres>

No ano 2017 acreditáronse 3 novos CIMS: Mos, Mancomunidade Conso Frieiras e Mancomunidade de Verín.

É importante lembrar que a decisión de constituir un CIM é vontade e competencia das entidades locais tal e como aparece recollido no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:22
Nº Rexistro: 24230
Data envío: 26/01/2018 12:22:44.433

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2018 12:22:39



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:22
Nº Rexistro: 24228
Data envío: 26/01/2018 12:22:17.589

Data 26/01/2018 12:22

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13928**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a existencia dalgún estudo do Goberno galego acerca da reorganización dos tempos de traballo e a conciliación da vida familiar e da vida laboral”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pleno do Consello Galego das Mulleres celebrado o 3 de xuño de 2016 aprobou os tres informes das tres comisións de traballo creadas, que eran:

1. Comisión Situación Socio laboral das Mulleres
2. Comisión Muller con discapacidade
3. Comisión muller rural.

Estes tres informes son públicos e están colgados na páxina web da S.X da Igualdade nos seguintes links:

- Informe da Comisión Muller Rural:

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/informe_comision_muller_rural-_3_junio_2016_.pdf

- Informe da Comisión Muller con discapacidade:

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/informe_comision_muller_con_discapacidade-3_de_junio_2016_.pdf

- Informe da Comisión da Situación Socio laboral da Muller:

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/informe_comision_da_situacion_sociolaboral-3_junio_2016_.pdf

No Informe da Comisión da Situación Socio laboral da Muller aparecen datos relativos a reorganización dos tempos de traballo e á conciliación da vida familiar e laboral, concretamente no apartado 2.2. Conciliación e usos do tempo (páxina 27)

E no apartado 3 Conclusións recóllense as correspondentes a Conciliación e usos do tempo (páxina 51)

No último pleno do Consello Galego das Mulleres que tivo lugar o 23 de xullo de 2017, acordouse constituír a Comisión de Coeducación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:22
Nº Rexistro: 24228
Data envío: 26/01/2018 12:22:17.589

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2018 12:22:08



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13930**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **“a valoración que fai a Comisión Interdepartamental de Igualdade do cumprimento da Lei galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Comisión Interdepartamental da Igualdade, foi constituída o 7 de marzo de 2013 e, ata o ano 2017, convocouse en 4 ocasións, a última correspondente a ese ano foi o 4 de xullo de 2017.

Tal e como aparece recollido no Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación, á Comisión Interdepartamental da Igualdade correspóndelle a realización das seguintes funcións:

- a) Efectuar o seguimento da aplicación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e dos correspondentes plans para a igualdade de oportunidades e de loita contra a violencia de xénero.
- b) Adaptar o plan de etapas de aplicación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, ás contías orzamentarias anuais consignadas para o seu desenvolvemento nas leis de orzamentos de cada exercicio.

c) Velar pola efectiva aplicación do principio de transversalidade na elaboración, execución e seguimento de todas as accións e políticas públicas levadas a cabo pola Xunta de Galicia, co obxecto de acadar a igualdade real e efectiva e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes.

d) Servir de órgano de interlocución en materia de igualdade entre as consellerías da Xunta de Galicia, os organismos autónomos e entes públicos vinculados ou dependentes destes, promover accións conxuntas para asegurar o cumprimento da lexislación vixente en materia de igualdade no ámbito da administración autonómica e corrixir as situacións de discriminación.

e) Calquera outra función que lle sexa encomendada dentro do ámbito das súas competencias.

Así, nas xuntanzas mantidas da Comisión Interdepartamental se abordaron, entre outros, os seguintes asuntos:

- VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes-Extratexia 2013-2015. Este Plan foi aprobado polo Consello da Xunta o 14 de febreiro de 2013 e foi o resultado dun traballo compartido pola totalidade da Administración autonómica seguindo na liña de cooperación e coordinación institucional que forma parte dos principios reitores deste plan e que se complementou coas achegas recibidas das asociacións de mulleres, asociacións de igualdade, axentes sociais e outras entidades.

Este VI Plan de Igualdade recolleu as metas e os compromisos asumidos pola Xunta na promoción da igualdade entre homes e mulleres neste trienio, a través da renovación e reestruturación de áreas prioritarias, como é caso da loita contra a violencia de xénero, e para contribuír así ao progreso e benestar da sociedade galega mediante o deseño, a execución e o seguimento de políticas das que homes e mulleres se benefician de forma equivalente.

O VI Plan galego para a igualdade baseábase en seis eixes de intervención:

1.- Mellora da 'Gobernanza' a favor da igualdade: 50 actuacións

2.- Cambio de valores e modelos para a igualdade: 72 actuacións

3.- Aproveitamento do talento feminino: 53 actuacións



4.- Conciliación corresponsable e calidade de vida: 27 actuacións

5.- Participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade: 27 actuacións

6.- Acción integral contra a violencia de xénero: 91 actuacións

Así se configuraron as 320 actuacións cunha valoración económica estimada en 220 millóns de euros para ese período de tres anos.

- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020. É o Plan de Igualdade que actualmente esta vixente e que foi aprobado polo Consello da Xunta o pasado 30 de marzo de 2017.

- Informes anuais de seguimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

- Coordinación, dinamización e seguimento das políticas de igualdade e da estratexia de transversalidade de xénero na Administración autonómica

- Informe sobre o Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación. Situación e funcionamento do Consello Galego das Mulleres e do Observatorio Galego de Violencia de Xénero.

- II Programa Galego de Muller e Ciencia

- Decreto para regular a formación en materia de igualdade e violencia de xénero do persoal que presta servizo nas administracións públicas de Galicia.

- Documentos elaborados polos Grupos de Traballo creados no seo do Consello Galego das Mulleres (situación sociolaboral das mulleres, diversidade funcional e muller rural)

O orzamento que a Secretaría Xeral da Igualdade destina á erradicar a violencia de xénero ascende este ano 2018 a 5.427.325 €, o que supón un incremento respecto de ano 2017 do 4,28%.

En todo caso, o Goberno galego traballa no convencemento de que na loita contra a violencia de xénero, todas as medidas son insuficientes mentres unha muller viva baixo o medo e a falta de liberdade que isto supón.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:45
Nº Rexistro: 24367
Data envío: 30/01/2018 09:45:23.814

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:45:18



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13942**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación cos orzamentos anunciados polo Goberno de España para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 30 de maio de 2017 a Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, comparecía no Congreso dos Deputados para dar conta dos Orzamentos Xerais do Estado do seu departamento, que segundo informou se incrementaron nun 7,97% respecto aos do ano 2016, chegando aos 2.184,6 millóns de euros.

Así a Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero recibe 31,7 millóns de euros, o que supón un incremento de máis dun 25% con respecto ano 2016 e un 4,5% máis en relación ao ano 2011.

Neste ámbito, cómpre lembrar que o Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, recolle o seguinte Compromiso económico:

Por tanto, o compromiso económico global destinado a desenvolver este Pacto de Estado suporá un incremento de mil millóns de euros (1.000 €) durante os próximos cinco anos desagregados da seguinte forma: 100 millóns de euros adicionais destinados aos Concellos, 500 millóns de euros adicionais destinados ás Comunidades Autónomas e 400 millóns de euros adicionais destinados a competencias estatais contra a Violencia de Xénero no marco dos Orzamentos Xerais do Estado.

O Goberno do Estado, as Comunidades Autónomas e a FEMP acordaron o 27 de decembro de 2017 na Conferencia Sectorial de Igualdade impulsar o desenvolvemento das medidas para este Pacto de Estado. Aprobouse así a constitución de varios grupos de traballo para a implantación das máis de dúascentas medidas prescritas e decidiuse priorizar un conxunto de actuacións para o ano 2018: sensibilización e prevención da violencia de xénero e sexual en todas as etapas

educativas, mellora da resposta institucional (entre outros aspectos, ampliación dos mecanismos para a acreditación das situacións de violencia de xénero), maior protección aos menores, impulso da formación dos profesionais dos ámbitos policial e xudicial, mellora do coñecemento e estatístico e medidas para a visualización e atención a outras formas de violencia contra a muller (nomeadamente, a sexual).

En canto aos orzamentos adicados polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para a implantación dos plans de Igualdade en pequenas e medianas empresas, cómpre indicar que o Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades (IMIO), organismo dependente do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, financia dende 2008 os custos derivados da elaboración e implantación de plans e medidas de igualdade nas pequenas e medianas empresas, con plantillas de entre 30 e 250 traballadores/as

En 2017, o IMIO decidiu continuar coa liña de subvencións á pequena e mediana empresa para a elaboración e implantación de plans de igualdade. Así a partida para plans Igualdade nas empresas pasou de 900.000 € en 2016 a 1.250.000 € en 2017.

É preciso destacar o servizo integral de acompañamento e asesoramento técnico (en liña e telefónico), de carácter gratuíto, para a elaboración e implantación de plans e medidas de igualdade, a través da páxina web: www.igualdadadenlaempresa.es.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:21
Nº Rexistro: 24226
Data envío: 26/01/2018 12:21:51.808

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2018 12:21:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14003**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo **“a decisión estatal de eliminar a exención fiscal dos servizos prestados polos avogados do Turno de Oficio e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación con ela”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno nas respostas ás iniciativas con número de rexistro 4414, 4415 e 4416, presentadas polo mesmo grupo parlamentario.

Neste sentido, reitérase que o Boletín Oficial do Estado (BOE) publicou o pasado 22 de xuño a Lei 2/2017, do 21 de xuño, de modificación da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta a través da que se garante que a quenda de oficio estea exenta do IVE.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:45
Nº Rexistro: 24365
Data envío: 30/01/2018 09:45:03.689

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:44:58



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14046**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a importancia de garantir a protección das vítimas de violencia contra a muller e a súa adecuada atención nas dependencias xudiciais”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego considera prioritario garantir a protección das vítimas, especialmente das vítimas da violencia de xénero.

Para cumprir este obxectivo, a Secretaría Xeral da Igualdade coordina recursos e programas de atención psicolóxica, que están a disposición das vítimas de xeito gratuíto as 24 horas do día. Tamén se creou o Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no que traballan profesionais do ámbito da avogacía, psicoloxía, traballo social ou terapia ocupacional, cun programa de atención integral, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico.

Ademais, a Xunta de Galicia vén de crear na relación de postos de traballo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG Núm. 64, do 31 de marzo) 7 prazas de persoal psicólogo e 7 de traballador social, incrementando nun 70% o persoal desta categoría destinado no Instituto de Medicina Legal de Galicia.

Con estas novas catorce prazas, facilitarase a atención das valoracións e elaboración de informes que lles sexan requiridos polos xuíces e xuízas ao Imelga, como adoita suceder no ámbito penal nos procesos por violencia de xénero e doméstica, entre outros. Deste xeito, o Goberno galego segue avanzando cara unha xustiza máis áxil e eficiente.

Asemade, o pasado mes de setembro a Xunta de Galicia asinou convenios cos Colexios Oficiais de Psicoloxía e de Traballo Social de Galicia para a colaboración na emisión de informes periciais, coa finalidade de axilizar os informes no Xulgados de Familia, tendo ambos convenios vixencia ata que remate de 2017.

Por outra banda, outro avance recente que cómpre lembrar no eido da atención directa ás vítimas, é que desde o mes de outubro, e en virtude dun convenio entre a Xunta e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, incorporouse persoal psicólogo ás Oficinas de Atención ás Vítimas dependentes dos xulgados decanos nas 7 cidades galegas. O obxectivo é apoiar e prestar asistencia psicolóxica especializada ás vítimas de delitos violentos, incluídas as vítimas de violencia de xénero. Deste xeito, trabállase para evitar unha vitimización secundaria, realízase unha avaliación individualizada para atender as súas necesidades, e realízase, de ser o caso, derivacións coordinadas a outros servizos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:44
Nº Rexistro: 24363
Data envío: 30/01/2018 09:44:42.876

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:44:38



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19728**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **o destino final da totalidade do fondo adicional do Fondo de cooperación local correspondente ao exercicio 2017 e a valoración do Goberno galego respecto da súa aplicación**”, (publicada no BOPG número 211 do 15 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Orde do 7 de xullo de 2017 (DOG do 10 de xullo) estableceu as condicións para a repartición do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para 2017. Os criterios de reparto deste fondo priorizan aos concellos resultantes dun proceso de fusión municipal ou de incorporación voluntaria a outros concellos. Ademais, este ano contemplouse que, no caso de que non se producise ningún novo proceso de fusión antes do 30 de setembro de 2017, o 40% dese fondo destinaríase a municipios de menos de 15.000 habitantes.

Dado que finalmente non se completou ningunha nova fusión municipal, o 40% do fondo adicional inicial de 2.236.227 euros -isto é, 894.490,8 euros- repartiuse entre os 279 municipios de menos de 15.000 habitantes.

Ademais, na orde dispúxose tamén que, se neste exercicio orzamentario se incrementaba a dotación do fondo adicional, o importe do incremento iría destinado integramente aos concellos de poboación inferior a 15.000 habitantes.

Ese incremento produciuse, a través da Lei 3/2017, do 13 de xullo, de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de

orxamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. Este aumento foi de 2.418.000 euros máis, que se repartiron directamente entre os 279 municipios de menos de 15.000 habitantes.

En definitiva, o orxamento do Fondo Adicional ascendeu finalmente a 4.654.227, dos que 1.341.736,2 euros foron para os municipios fusionados de Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade; mentres que os 3.312.490,8 euros restantes destináronse aos 279 concellos de menos de 15.000 habitantes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 13:01
Nº Rexistro: 24658
Data envío: 31/01/2018 13:01:02.599

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 13:00:58



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20299**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don José Alberto Pazos Couñago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o nivel de execución do Plan de investimentos conxuntos da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal aprobado no ano 2014”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ten unha dilatada e recoñecida experiencia de cooperación institucional, que sempre foi un referente na elaboración de documentos conxuntos de programación. Con todo, o Plan de Investimentos Conxuntos (PIC) 2014-2020 ten unhas características radicalmente novidasas que o diferencian dos precedentes: trátase do primeiro PIC transfronteirizo na Unión Europea e ademais traslada a cooperación interrexional ao mesmo punto de arranque do proceso de programación.

O PIC foi aprobado no Plenario da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal no que, ademais da Xunta e da CCDDR-N, están tamén, entre outros, o tecido empresarial, as organizacións sindicais e as Universidades.

Algunhas das liñas de investimento que se definen no PIC son liñas de moita potencia e percorrido, como a integración das RIS3 e o fortalecemento e estruturación de clústers transfronteirizos orientados cara os dominios das RIS3; a consolidación de polos de excelencia internacional, como o Laboratorio Ibérico de Nanotecnoloxía (INL) ou o Campus Mar; a posta en marcha do IACOBUS ou de titulacións conxuntas; o fomento da mobilidade laboral coa mellora do mercado laboral transfronteirizo; a promoción de viveiros de empresas, especialmente as de base tecnolóxica e de recursos endóxeos específicos nas áreas de baixa densidade demográfica; a promoción de produtos turísticos eurorrexionais; ou a

eliminación dos custes de contexto transfronteirizo, compartindo equipamentos das áreas de fronteira.

Cómpre incidir que todas as actuacións que se están a levar a cabo teñen como un dos seus principais obxectivos eliminar as dificultades que conleva a vida nas fronteiras (mobilidade laboral, prestación de servizos, sobrecustos nas comunicacións, roaming), e evitar a duplicación de recursos aos dous lados da raia, xerando unha maior eficiencia no gasto público.

O PIC complétase cunha análise dos distintos fondos europeos, e a posibilidade da súa utilización para financiar estas actuacións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 13:00
Nº Rexistro: 24652
Data envío: 31/01/2018 13:00:18.051

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 13:00:12



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20300**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don José Alberto Pazos Couñago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que está a desenvolver a Xunta de Galicia nas institucións europeas para continuar coa participación na iniciativa impulsada con outras rexións europeas e denominada Together for Cohesión (Xuntos pola cohesión)”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Galicia constitúe un exemplo dos efectos positivos da política de cohesión, que lle permitiu reforzar notablemente a súa integración económica e política e mellorar a gobernanza.

De cara ao vindeiro marco orzamentario, a Xunta, a través da Fundación Galicia Europa (FGE), está a seguir de preto o debate, así como achegando elementos para asegurar a continuidade desta política para todas as rexións con independencia do seu PIB.

O ano pasado Galicia sumábase á iniciativa ‘Xuntos pola Cohesión’, que serviu para que máis de 250 rexións da UE unisen a súa voz en defensa dunha política rexional forte para todas as rexións europeas.

Ademais, a FGE impulsa a participación da Xunta de Galicia en redes de cooperación rexional, tales como a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM), a Asociación de Rexións Fronteirizas (ARFE) ou a Colaboración entre Oficinas Rexionais Españolas en Bruxelas (CORE). Estas redes son útiles para facer un seguimento dos debates, organizar encontros cos responsables comunitarios, buscar alianzas, elaborar documentos de posición, expresar demandas, etc.

Igualmente, a Fundación promove a intervención activa galega en foros de debate sobre o futuro da Política de Cohesión en Bruxelas, que permitan facer chegar as nosas inquietudes e demandas ás institucións europeas. Algúns exemplos durante este último ano foi participación no VII Foro da Cohesión organizado pola Comisión Europea; a organización dun seminario específico con outras nove rexións europeas no que se adiantou a visión galega sobre esta política; a contribución á redacción dun ditame sobre esta materia no Comité das Rexións; ou a participación nun seminario organizado pola Comisión Europea sobre o futuro do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

Ademais, cómpre destacar a recente adhesión ao documento ‘Alianza pola Cohesión’, unha iniciativa que pretende que a política de cohesión continúe a ser un pilar no orzamento da UE. Deste modo, Galicia únese a unha iniciativa do Comité Europeo das Rexións (CdR) neste ano 2018, no que se iniciarán as negociacións para definir o orzamento da UE a partir de 2020. A alianza aposta polo mantemento dos fondos comunitarios orientados a avanzar no reequilibrio da Unión Europea despois de 2020. Galicia defende a importancia dunha política de cohesión que chegue a todas as rexións europeas e que non só utilice o Produto Interior Bruto (PIB) como criterio de reparto, senón tamén outros aspectos como o cambio demográfico. Para o éxito desta política é fundamental fortalecer o papel das rexións na súa xestión, así como desenvolver un enfoque integrado urbano-rural, que permita que as axudas europeas contribúan ao crecemento destas últimas áreas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 13:00
Nº Rexistro: 24651
Data envío: 31/01/2018 13:00:07.817

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 13:00:02



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20583**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que está a desenvolver a Xunta de Galicia para a aprobación do plan antifraude na contratación pública no ámbito do sector público autonómico”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“No Boletín Oficial do Estado do 9 de novembro de 2017 publicouse a Lei de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26-2-2014. Esta nova Lei entrará en vigor o día 9 de marzo de 2018.

A Lei introduce unha normativa especial relativa á loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses, mediante a cal se impón aos órganos de contratación a obriga de tomar as medidas adecuadas para loitar contra o fraude, o favoritismo e a corrupción, e prever, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación.

Considerouse necesario esperar á aprobación definitiva da Lei para elaborar o plan antifraude na contratación pública no ámbito do sector público autonómico, deste modo poderá terse en conta nel a nova regulación legal e os avances que introduce na materia.

Debe terse en conta que xa o 12 de xuño de 2014 aprobouse o Plan de Mellora de Contratación Pública 2014-2016, que tiña como obxectivo principal acadar unha administración

máis eficiente no uso dos recursos públicos e máis aberta, entendible e simplificada desde o punto de vista da relación coa cidadanía e as empresas. Un dos eixos do Plan estaba centrado precisamente na transparencia e no impulso das boas prácticas na actividade contractual que desenvolve a Xunta de Galicia que garantan o máximo control tanto interno como externo dos procedementos de contratación.

Dentro das medidas de mellora do funcionamento e control do sector público autonómico nas que a Xunta de Galicia traballa actualmente destaca a preparación dunhas Directrices dos plans de prevención de riscos penais no sector público autonómico, en estudo pola Asesoría Xurídica Xeral.

Estas Directrices son consecuencia da Lei 4/2016, de 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público, que establece no seu artigo 32, 'Prevención da corrupción':

‘A Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia participará na elaboración dos plans de prevención de riscos de corrupción que se elaboren polo sector público autonómico. En particular, deberá emitir informes sobre a súa adecuación aos requirimentos establecidos no artigo 31 bis do Código penal con carácter previo á súa remisión do Consello de Contas de Galicia. Así mesmo, coñecerá dos resultados das avaliacións que este órgano faga sobre os devanditos plans.

Sen prexuízo das funcións dos órganos encargados da supervisión do funcionamento e do cumprimento dos modelos de prevención que se implanten, a Asesoría Xurídica Xeral exercerá as funcións de control de legalidade nos procedementos de formación da vontade das entidades do sector público que se determinen nos plans indicados, conforme, se é o caso, co que se dispoña nos acordos de asistencia xurídica previstos no artigo 2 desta lei. No marco destas funcións, informará os organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do modelo de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraraos en dereito cando así o soliciten’.

A intención da Xunta de Galicia é, polo tanto, unha vez aprobada a nova Lei de contratos do sector público, seguir aprofundando na adopción de medidas que tendan a loitar contra o fraude, o favoritismo e a corrupción nos procedementos de contratación e, polo tanto aprobar o novo



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 12:26
Nº Rexistro: 25506
Data envío: 07/02/2018 12:26:36.969

plan antifraude na contratación pública plenamente adaptado ás disposicións da nova Lei, insistindo nas medidas de transparencia, boas prácticas e de control xa recollidas e implantadas no sector público autonómico no Plan de Mellora de Contratación Pública 2014-2016.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2018 12:26
Nº Rexistro: 25506
Data envío: 07/02/2018 12:26:36.969

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2018 15:02:43

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14165**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as obras de rehabilitación e acondicionamento do Mosteiro de San Clodio”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O 15 de outubro de 2013 A Axencia Turismo de Galicia aprobou por resolución o proxecto modificado nº 1 da obra de rehabilitación e acondicionamento dun spa vinoterapia na nave lateral do mosteiro de San Clodio, en Leiro, Ourense.

A obra principal adxudicouse á empresa SA de Obras y Servicios COPASA (contrato asinado o 11 de decembro de 2015) na cantidade de 931.700 € IVE incluído.

Con data do 2 de marzo de 2016, asinouse unha suspensión temporal polo achado de restos arqueolóxicos, o que supuxo unha prórroga da data de fin de obra (28 de febreiro de 2017).

O 15 de febreiro o órgano de contratación acorda unha 2ª prórroga ata o 15 de maio de 2017.

O 16 de febreiro de 2017 a Axencia Turismo de Galicia autorizou a redacción do proxecto modificado nº 1 por un presuposto adicional de 92.971,89€.

Con este proxecto, como reza no prego de cláusulas administrativas particulares da Axencia Turismo de Galicia para a contratación da obra, preténdese a promoción e estímulo dun sector turístico galego competitivo, de calidade e accesible, así como a búsqueda dun reequilibrio territorial a través da política turística.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:48
Nº Rexistro: 24569
Data envío: 31/01/2018 09:48:51.415

Turismo de Galicia contempla na súa Estratexia 2021 un apartado específico adicado ao termalismo e á cultura dos baños, arraigada na sociedade galega e en concreto na ourensán, dado que é unha potencia a nivel europeo.

Con respecto ás obras, estas xa están rematadas e recepcionadas (a acta de recepción da obra é do 11 de xullo de 2017). Actualmente a concesión atópase pendente da saída dos pregos para a xestión deste proxecto, polo que aínda non é posible dar conta da data de apertura, aínda que se espera sexa nos vindeiros meses de 2018. Con respecto aos servizos que se porán en marcha neste espazo atenderase á proposta que a empresa adxudicataria teña realizado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: ab9ffca1-42d7-50e5-c7c8-6ea367176720

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:48
Nº Rexistro: 24569
Data envío: 31/01/2018 09:48:51.415

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:48:47

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15289**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Isabel Romero Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto dos efectos do constante incremento da chegada de turistas a Galicia”**, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A falta dos datos que o INE publicará os vindeiros 23 e 31 deste mes (relativos ao pasado mes de decembro e ao acumulado de todo o ano 2017) Galicia pechará 2017 como o ano no que obtivo os mellores rexistros turísticos da súa historia ao conseguir superar por vez primeira os cinco millóns de viaxeiros. Así se reflectiu no informe preliminar presentado no recente Consello da Xunta para avaliar os datos turísticos rexistrados no último ano.

De manterse o crecemento interanual do 3% que a Comunidade galega obtivo ata novembro -cando se contabilizaron preto de 4,9 millóns de turistas no conxunto do ano, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE)- Galicia poderá pechar 2017 superando os cinco millóns de turistas.

Este crecemento no número de viaxeiros de 2017 demostrou que Galicia foi quen de recibir viaxeiros dunha maneira máis repartida durante todo o ano, cumprindo así o obxectivo da desestacionalización. Segundo se desprende deste informe preliminar despois de abril, que encabeza o crecemento máis intenso por mor da Semana Santa, os meses nos que o turismo medrou con máis forza centráronse fóra da tempada alta.

Así, foron, por esta orde, o mes de novembro (cun 11,8% máis de visitantes), outubro (cun 6,1% máis), maio (cun 3% máis), febreiro (cun 2,8% máis), xaneiro (cun 2,7%), setembro (cun 1,9% máis) e xuño (cun 1,3% máis).



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:47
Nº Rexistro: 24564
Data envío: 31/01/2018 09:47:53.946

Este bo comportamento á alza dos viaxeiros repítese no número de noites que decidiron pasar en Galicia. Por vez primeira, a Comunidade superou a barreira dos 10 millóns de noites nos establecementos de aloxamento regrado durante os 11 primeiros meses do ano. O número de días que os viaxeiros permaneceron nos establecementos medrou máis dun 2,4%, situando a Galicia entre as autonomías nas que creceu máis intensamente a estadía media. A Comunidade tamén creceu en termos de ocupación, que sobe en 7,5 puntos porcentuais de media. No que se refire á rendibilidade no sector, tamén medra o ingreso por habitación dispoñible, o chamado RevPAR, con máis dun 10,7% de incremento con respecto ao ano anterior.

En termos de emprego no sector turístico, as afiliacións á Seguridade Social soben un 3,3% situándose a cifra global en máis de 77.700 no conxunto da Comunidade, a cifra máis alta dos últimos cinco anos.

O ano 2017, a Comunidade galega consolidouse, tamén, como un destino cada vez máis internacional. Ata novembro, o peso deste mercado roldou o 30%. A subida é especialmente tanxible no Camiño de Santiago, onde máis da metade dos peregrinos procederon de fóra de España.

Ademais, en termos globais, o Camiño de Santiago experimentou en todo o ano 2017 un crecemento dun 8,3% en relación ao 2016, superando por vez primeira na súa historia os 300.000 peregrinos. A ruta xacobeana estivo, ademais, máis diversificada que nunca nos seus nove itinerarios oficiais por terra.

Estes resultados son referendados igualmente pola sondaxe realizada polo Clúster de Turismo de Galicia aos seus asociados sobre as súas percepcións, que permite dar unha visión cualitativa do avance do turismo en 2017. Os resultados falan dunha valoración claramente positiva. Salientan a boa ocupación nas cidades e destacan especialmente a tendencia positiva rexistrada no turismo rural, onde falan dunha maior rendibilidade grazas ao crecemento de viaxeiros neste tipo de establecementos. Tamén se refiren ao incremento do prezo medio durante este ano.

O Clúster de Turismo de Galicia reflicte nesta sondaxe o seu interese por que a industria turística continúe aproveitando a consolidación da recuperación da demanda interna e o aumento das chegadas de visitantes internacionais, en constante crecemento. Aluden, ademais, á importancia de continuar traballando de forma conxunta na promoción do destino.

Estes datos nos fan máis que reforzar o modelo de crecemento ordenado e planificado que desde a Xunta de Galicia se fixou na Estratexia do turismo de Galicia 2020, o documento consensuado co



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:47
Nº Rexistro: 24564
Data envío: 31/01/2018 09:47:53.946

sector que fixa as liñas de traballo cara ao Xacobeo 2021 e que sitúa a Galicia como un destino atractivo os 365 días do ano. Demostran, ademais, a consolidación dun modelo turístico sustentable, de calidade, responsable e comprometido como é o galego, que sabe medrar e acoller aos visitantes durante todo o ano.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: aff9c041-0ae7-3dd1-ffc9-87c9d05752e8

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:47
Nº Rexistro: 24564
Data envío: 31/01/2018 09:47:53.946

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:47:45

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19069**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións específicas levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego, así como as xestións realizadas diante do Goberno central en relación co posible impacto da vaga de lumes rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017 no sector turístico galego”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O que se viviu no outono do pasado ano foi unha situación completamente excepcional. Nin foi normal a actividade incendiaria nin tampouco foi normal a situación meteorolóxica. Certamente, rexistráronse condicións climatolóxicas extremas, e mesmo algunhas inéditas que se converteron no principal aliado dos incendiarios e do lume.

A Xunta de Galicia dende entón traballou para reparar os danos materiais causados por mor da vaga incendiaria provocada. Como é coñecido, o Consello da Xunta aprobou nas primeiras 24 horas o Decreto marco que deu soporte xurídico ás axudas para a reparación de danos, atender situacións de necesidade e contribuír a restaurar os valores naturais e a reactivar a actividade das zonas que resultaron afectadas.

O Decreto 102/2017, do 19 de outubro, incluía medidas tamén no eido turístico, que se impulsaron desde Turismo de Galicia. Neste sentido, estableceuse unha convocatoria de axudas nunha dobre dirección dotada con ata 1 millón de euros.

Por unha banda, abriuse unha convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas aos concellos da nosa Comunidade para proceder á reposición da



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24556
Data envío: 31/01/2018 09:46:29.805

sinalización turística que puidera ter sido afectada polos incendios.

A axuda económica que se concedía ás administracións locais podía acadar a totalidade do investimento realizado cun importe de ata 20.000 euros por entidade. Foi solicitada por 10 concellos (Parada de Sil, Carballada de Avia, Lobios, A Gudiña, Maceda, Muíños, Vigo, As Neves, Cotobade e Salceda de Caselas). Ademais, estableceuse unha convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva para establecementos turísticos afectados polos incendios, co fin de reparar os danos ocasionados. Neste caso, a axuda económica podía acadar a totalidade do investimento realizado ata un máximo por entidade de 18.000 euros. Presentáronse 2 entidades da Provincia de Pontevedra.

A política turística da Xunta de Galicia desenvólvese ao carón do sector, con quen mantén un diálogo fluído e unha intensa colaboración. Esta cooperación reflíctese na Estratexia do turismo de Galicia 2020, o documento presentado este ano que contén os retos, oportunidades e compromisos no eido turístico, e que foi elaborado en consenso co sector, a mellor maneira de acadar os obxectivos fixados nel.

Neste sentido, tivemos contactos diarios coas delegacións provinciais e o sector privado, principalmente a través do Clúster de Turismo, co que se mantiveron xuntanzas de cara a transmitir incidencias e inquiredanzas relacionadas coa vaga de incendios.

O 23 de novembro do pasado ano o INE aportou os datos hoteleiros do pasado mes de outubro, e desde Turismo de Galicia estivemos atentos aos mesmos para avaliar unha posible influencia directa na conxuntura turística, atopámonos con resultados récord a salientar das enquisas oficiais realizadas. Por dar algunhas cifras:

-O número de viaxeiros aloxados en Galicia no mes de outubro foi de preto de 431.000 (+6,1%). Cifra récord.

No conxunto do Estado sobe un 2%

-O número de noites de hotel en Galicia no mes de outubro foi de preto de 817.000 (+ 6%). Cifra récord.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24556
Data envío: 31/01/2018 09:46:29.805

No conxunto do Estado sobe un 1,1%

-A ocupación sobe 2 puntos ata o 41% . Cifra récord.

Acumula 4 anos consecutivos de subida

-Con respecto ao mercado internacional

+ 13% viaxeiros

+ 10% noites (230.000). Cifra récord.

O seu peso no conxunto da demanda acada o 35,4% récord

Acumula 6 anos consecutivos de subida

-Con respecto ao mercado nacional

+ 4,4% viaxeiros

+ 7,7% pernoitas (máis de 400.000) Cifra máis elevada desde 2010

Galicia foi, tras Aragón, a comunidade que presentou un crecemento de máis intensidade na súa demanda hoteleira durante o mes de outubro.

Con todo, Goberno galego seguirá, coma sempre, xunto ao sector, disposto a implementar as medidas que foran consideradas necesarias.

Cabe indicar que todas as campañas de comunicación que promove a Axencia para fortalecer a Marca Galicia e atraer turistas inciden naqueles aspectos que nos afianzan como unha das comunidades que recibe máis visitantes. Diversas enquisas de ámbito nacional destacan que O Camiño, a gastronomía, a cultura e a natureza son os aspectos máis valorados polos turistas que nos visitan. Desde esta perspectiva, as nosas campañas mostran os seis parques naturais que existen en Galicia, así como o vasto patrimonio natural que existe nas catro provincias. Unhas campañas de comunicación que se enuncian nun ton positivo, a fin de que a natureza continúe sendo un dos factores máis influentes na decisión dos máis de catro millóns de persoas que nos visitan cada ano. De feito, acabamos



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24556
Data envío: 31/01/2018 09:46:29.805

de regresar de Fitur cun premio, dado pola propia feira e a revista AireLibre que premia as experiencias nos nosos parques naturais como mellor produto de turismo activo, feito que nos da azos para seguir traballando como ata o de agora.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 839f0802-8445-0102-6909-5a70c4497274

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24556
Data envío: 31/01/2018 09:46:29.805

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:46:24

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19653**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da declaración da Festa do Polbo do Carballiño de Interese Turístico Internacional, así como as actuacións le vadas a cabo e as previstas para ese fin”**, (publicada no BOPG número 207 do 8 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Que unha festa tente acadar a declaración de interese turístico internacional é sempre, para o Goberno galego, unha moi boa noticia. A Festa do Polbo do Carballiño así o está a intentar de cara a ver recoñecidos os esforzos dos veciños, das asociacións e administracións locais por realizar eventos como este que fortalecen a nosa cultura como país e se converten en importantes reclamos turísticos. De feito asistiron máis de 100.000 persoas á Festa do Polbo do Carballiño o pasado ano 2017, durante a súa 55 edición.

Para afondar no seu férreo compromiso por apoiar e impulsar este recoñecemento internacional, o Goberno galego colaborou e colabora sempre estreitamente co Concello do Carballiño. Así o recoñeceu en reiteradas ocasións a propia administración local.

Desde o primeiro momento, Turismo de Galicia facilitou que esta festa puidese cumprir os requisitos esixidos para acadar esta distinción, que concede a Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, a través de Turespaña. Neste sentido, apoiou varias iniciativas coordinadas polo Concello do Carballiño para conseguir a repercusión mediática internacional requirida.

Por unha banda, impulsou a contratación, o pasado mes de agosto, dunha axencia especializada en medios de comunicación estranxeiros para que emisoras de radio de diferentes países inclúsen nos seus programas temáticas sobre esta festa. E, por outro lado, Turismo de Galicia tamén axudou na



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:45
Nº Rexistro: 24553
Data envío: 31/01/2018 09:45:57.945

xestión da viaxe de prensa, coordinada polo Concello carballiñés, que se celebrou entre os días 26 e 28 de outubro coa participación de xornalistas de medios de comunicación internacionais de Brasil, Arxentina, Uruguai, Alemaña, Francia, Canadá, Líbano, México ou China.

Todos eles puideron visitar os recursos turísticos da zona, principalmente os relacionados co polbo. Tamén participaron nunha simulación da festa, que incluíu un xantar típico e música tradicional. E para reforzar este apoio institucional, Turismo de Galicia confiou a profesionais deste departamento autonómico, como a directora de Promoción e a responsable de Feiras de Turismo de Galicia, manter charlas e ampliar toda a información precisa sobre a Festa aos xornalistas participantes nesta viaxe.

Turismo de Galicia continuará traballando por emprender as accións necesarias para que as festas galegas de interese nacional poidan acadar o recoñecemento internacional. Do mesmo xeito que impulsa no seu conxunto o resto de festividades facendo especial énfase na promoción das preto de 140 de interese turístico, tanto de Galicia, como nacional e internacional, coas que conta a nosa Comunidade. Porque todas elas permiten representar o mellor dos nosos recursos naturais, culturais e gastronómicos que son os principais motivos polos que os viaxeiros escollen visitarnos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 90d54160-1b41-1336-4ea5-ad8fa3817656

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:45
Nº Rexistro: 24553
Data envío: 31/01/2018 09:45:57.945

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:45:53



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20452**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“as empresas, asociacións ou entidades relacionadas co turismo que van participar na redacción das novas cláusulas do prego de condicións do concurso para a concesión da explotación do complexo do Monte do Gozo, a data prevista polo Goberno galego para a súa convocatoria e as medidas que está a adoptar en relación coa evolución dos peregrinos e do turismo en xeral nos últimos anos, así como as modificacións que vai introducir para facer atractivo ese complexo para o público e as empresas”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Turismo de Galicia, dentro da súa aposta por revitalizar o Parque Monte do Gozo, sacou a concurso en xuño do pasado ano a explotación do complexo de aloxamento e piscinas, como así estaba previsto no Plan de actuación do parque para a súa recuperación integral. Trátase dunha actuación coa que estamos a mellorar de xeito notable o parque de maior dimensión de Santiago de Compostela e un dos espazos máis simbólicos da peregrinación xacobeá. Os traballos que realizamos ao longo dos últimos meses, e que están a supoñer unha revitalización e impulso a este pulmón da capital galega, van neses dúas direccións: facer do Parque Monte do Gozo un espazo de convivencia entre os veciños de Galicia (e en xeral os cidadáns galegos) e os peregrinos que percorren o Camiño de Santiago, que aquí comezan o último tramo da súa andaina ata a Catedral.

Dado que inicialmente a concesionaria se ocuparía de facer varios investimentos nas melloras das edificacións e urbanización, no prego de condicións indicábase que durante os tres primeiros anos, quedaría exenta de pago do canon anual de 70.000€ máis IVE previstos no concurso.

Tamén se indicaba que a estimación dos ingresos por ano da concesionaria nestes servizos de aloxamento, restaurante, cafetería, piscinas ou máquinas expendedoras, entre outros, era de 41,1 millóns de euros, cantidade que non sería abonada nin pola concesionaria nin pola Xunta, pois era unha estimación do valor de negocio solicitada pola normativa europea na que se amparaba esta concesión.

Rematado o prazo sen presentación de propostas, Turismo de Galicia é a encargada de executar as reformas necesarias para acondicionar a zona de aloxamento, como xa fixera coas piscinas, proseguindo co calendario previsto para que estea de novo a disposición dos usuarios e preparado para o Xacobeo 2021.

Unha vez realizada a intervención, sacouse a concurso a concesión escoitando previamente de novo a toda empresa que desexase manifestar o seu parecer sobre as condicións, para facelo máis atractivo para o conxunto do sector en beneficio de todos. Esta licitación foi publicada o pasado 28 de decembro para a súa posterior adxudicación, a través de procedemento aberto a todos os interesados en condicións obxectivas e de concorrência.

A contratación do servizo para a explotación do complexo de aloxamento e piscinas do Parque Monte do Gozo inclúese no Plan director do Camiño de Santiago, no que se veñen desenvolvendo desde o ano 2015 importantes melloras na ruta xacobeá coa vista posta no Xacobeo 2021. O contrato terá unha concesión de 10 anos e poderá ser prorrogado outros 5 anos máis previo acordo.

Tras ter completado boa parte das actuacións, o pasado verán comezaron a funcionar as piscinas, cuxa posta en marcha é considerada un éxito, cunha elevada e constante afluencia de persoas durante todo este tempo, onde se estima que en determinados momentos se chegou a rexistrar unha media de mil persoas diarias.

No futuro, estas piscinas serán explotadas conxuntamente coa zona de aloxamento, cuxo procedemento está en marcha despois de que fora autorizado polo Consello da Xunta. Inclúe 18 pavillóns, un centro de recepción, 2 módulos de restaurante e cafetería.

Tamén contempla zonas de circulación para vehículos e peóns, zonas de estacionamento, espazos verdes, a praza central e 7 locais destinados a tendas. Falamos en total dunha superficie que supera os 63.000 metros cadrados.



Instalouse, ademais, un campo de disc golf nunha zona onde se colocaron grandes letras co nome do 'Parque do Monte do Gozo', onde os peregrinos estanse xa a fotografar para inmortalizar o seu paso por este lugar. Trátase dun deporte implantado en distintos países de Europa, Estados Unidos, Canadá, Australia... Países dos que recibimos numerosos peregrinos. Moi similar ao golf, substitúe os paus e pelotas por un disco voador. En lugar de ter foxos, conta con cestas ancoradas ao solo. Santiago de Compostela conta desde 2014 cun club de disc golf.

Turismo de Galicia tamén acondicionou a contorna da capela de San Marcos, cuxa rexeneración devolve ao peregrino a visión das torres da Catedral de Santiago grazas a unha elevación que lembra os tradicionais milladoiros.

A naturalización dos camiños, o arroupamento do monumento Juan Pablo II con carballos fincados ou a apertura de novos camiños cunhas pendentes máis accesibles e uns anchos máis acordes co uso peonil son outras das melloras levadas a cabo.

Ademais, a contorna da estatua dos peregrinos de Acuña converteuse nun parque inglés ampliando a visión da cidade e a catedral. Inclúe un sendeiro en forma de anel practicamente sen pendente apto para sendeirismo, así como bancos de pedra.

O prestixioso paisaxista João Nues implicouse nesta reforma desenvolvida por Turismo de Galicia, na cal tamén destacan as intervencións da orla central con bancos, bancos-cama, mesas para picnic, espazos de auga e sombras de árbores froiteiras onde os peregrinos e os cidadáns poderán descansar.

Esta revitalización do parque Monte do Gozo adáptase ás necesidades dos peregrinos na actualidade e reforza a condición de Santiago de Compostela como meta de peregrinación, afondando na liña seguida coa construción doutras destacadas infraestruturas como o Centro Internacional de Acolida ao Peregrino ou a adecuación dos últimos tramos dos diferentes itinerarios da ruta xacobeana na súa entrada na cidade. Paralelamente as intervencións realizadas fan deste espazo verde unha zona de lecer para os santiagueses. De feito, este é o parque de máis extensión e agora gaña numerosas opcións de lecer, para a práctica de diferentes deportes ou para descansar.

En total, lévanse investidos no Plan de Actuación do Parque Monte do Gozo ao redor de 1,5 millóns de euros e aínda estamos levando a cabo máis traballos.

Tense previsto inaugurar en breve unha zona de recepción para os peregrinos que chegan a cabalo. E actuar na zona do auditorio para poñela a punto.

Todas estas obras forman parte do Plan director e estratéxico do camiño de Santiago, con que estamos a mellorar os diferentes itinerarios coa vista posta no Xacobeo 2021. Conta cun orzamento de máis de 56 millóns de euros e xa executamos máis do 50%.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24345
Data envío: 30/01/2018 09:18:46.069

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:18:40



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12369**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Antonio Quiroga Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación polo Goberno galego da superficie de produción afectada pola sarabia do mes de xullo e a adopción das medidas necesarias para paliar os efectos, na comarca da Limia”**, (publicada no BOPG número 149 do 20 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural a través das oficinas Agrarias Comarcais e dos servizos territoriais está pendente de todos aqueles efectos climáticos adversos que afecten ás nosas producións e identifica as zonas e os cultivos afectados. Estas valoracións servirán, entre outras cousas, para solicitar a redución dos módulos do IRFF ao Ministerio de Facenda unha vez que que solicite as propostas das comunidades autónomas de cara á declaración da renda do ano 2017.

As medidas tomadas polo Goberno galego son as mesmas que as tomadas nos outros fenómenos climáticos adversos que tiveron lugar neste ano 2017. A consellería participou en Madrid en varias reunións organizadas polo grupo de traballo de adversidades climáticas do Ministerio de Agricultura, e nestas decidiuse a convocatoria de axudas de liquidez ás explotacións por medio da subvención dos avais a explotacións que tiveron danos climáticos, tanto as que tiveran un seguro contratado como as que non o tiveran.

Así mesmo, realizáronse xestións co IGAPE para a convocatoria dunha liña de axudas de liquidez e moratoria das explotacións afectadas por danos climáticos adversos, saíndo publicada o día 6 de outubro de 2017 a RESOLUCIÓN do 27 de setembro de 2017 pola que se da publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas e sarabias, e das explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia, instrumentadas mediante convenio de colaboración subscrito coas entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 09:40
Nº Rexistro: 24217
Data envío: 26/01/2018 09:40:36.990

Por outra parte a consellería continua coa súa labor de apoio á contratación de seguros agrarios destinando cerca de 5 millóns de euros á contratación de pólizas nos anos 2017 e 2018. Ademais este ano a Consellería compensou a baixada do Ministerio á contratación de pólizas polo que os agricultores e gandeiros galegos non tiveron incrementos de prezo nas súas pólizas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: e50cf077-8a06-b920-6966-05e7a7e51d24

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 09:40
Nº Rexistro: 24217
Data envío: 26/01/2018 09:40:36.990

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2018 9:40:31



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18548**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a denuncia dunha xornalista do programa A Tarde da Radio Galega, referida ás instrucións recibidas respecto da redacción da súa nova en relación cunha operación contra o terrorismo xihadista en Marrocos e Sevilla”**, (publicada no BOPG número 194 do 17 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Ante casos coma este, citar ou non a filiación política dos individuos, a Radio Galega aplica tres criterios fundamentais de uso común na maioría de medios de comunicación e que a denunciante coñecía, xa que o criterio que se ía aplicar falouse abertamente esa mesma tarde na redacción.

Os criterios de actuación nestes casos son os seguintes:

A) Cítase a filiación política cando o delito se comete no exercicio da súa función política ou se beneficiou desta posición para cometer o delito.

B) Pode citarse a filiación política cando o individuo está tan relacionado a un determinado partido que non se pode desligar un feito do outro.

C) Non se cita a filiación política no caso de que o protagonista da información non ostente un cargo no partido ou o delito non teña relación coa súa actividade política (ou as dúas) e, en consecuencia, o caso pertenza á esfera da súa vida privada. Por exemplo, nun asunto de abuso sexual.

Este apartado C) é o caso que nos ocupa. Citamos de novo o texto da denuncia que foi texto eliminado pola coordinadora: ‘O presunto líder dunha célula yihadista foi afiliado do Partido Popular en Melilla’.

A aplicabilidade dos anteriores criterios ao presente suposto é obvia:

Primeiro: o detido aproveitaba presuntamente o seu traballo como educador nun centro de menores para adoutrinar na yihad, feito este que non ten nada que ver coa actividade política dos grupos parlamentarios.

Segundo: o presunto acusado fora 'afiliado', no pasado. É dicir, fora un simple militante sen cargo ningún, filiación que nin sequera tiña no momento da súa detención.

Ante o cumprimento destas dúas premisas a decisión de non incluír a antiga militancia do presunto yihadista na información é legal e deontolóxicamente impecable. Non ten a máis mínima sombra de dúbida, e así e todo, desoíndo o criterio dos seus coordinadores a redactora en prácticas incluíuna sen comunicarllo a ningún deles.

Aplicar o criterio seguido pola redactora en prácticas abriría a porta a que se teña por noticioso saber a afiliación política que poida ter un acusado por un presunto delito de abuso sexual ou mesmo dun atraco, coa conseguinte vulneración de dereitos recollidos no Artigo 18 da Constitución do presunto acusado, e o nulo interese informativo para a noticia en cuestión.

A traballadora seguiu nas súas funcións con absoluta normalidade no seu posto sen ningunha clase de problema ou alteración en días -e incluso semanas- posteriores, como segue agora mesmo de feito.

No que respecta ao Consello de Informativos, é unha cuestión do Consello de Administración.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:31
Nº Rexistro: 24354
Data envío: 30/01/2018 09:31:44.933

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:31:27



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18747**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **a información emitida pola CRTVG en relación coa vaga de incendios rexistrada en Galicia o día 15 de outubro de 2017**”, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Moitas destas cuestións foron respondidas oralmente nas sesións de control á CRTVG dos meses de outubro e de novembro de 2017 e foron obxecto dun extenso informe por escrito enviado a todos os grupos parlamentarios no mes de novembro.

Nese informe pormenorizado inclúense ademáis das pertinentes aclaracións, escaletas, guións, e información sobre os recursos humanos e técnicos despregados pola CRTVG nas datas ás que se refire á pregunta.

En consecuencia, remitímonos ao dito no mencionado informe.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24353
Data envío: 30/01/2018 09:25:19.478

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:20:00



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18882**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as imaxes emitidas no telexornal Mediodía da TVG en relación co desenvolvemento da sesión plenaria do Parlamento de Galicia do día 17 de outubro de 2017”**, (publicada no BOPG número 199 do 24 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Unha vez máis, é preciso desmentir as acusacións de manipulación vertidas en contra os medios públicos galegos, e que neste caso ademais fan referencia a unha situación xa aclarada, verbalmente, polo xornalista da TVG que cubre habitualmente a información parlamentaria e que así mesmo dirixe o programa ‘Parlamento’.

No momento de elaborar a información sobre a intensa actividade lexislativa da mañá do 17 de outubro, en concreto o punto sobre a aprobación da Lei de Fomento da Implantación Empresarial e de incluír as declaracións dos voceiros de todos os grupos, o xornalista ten que afrontar como proceder coas do deputado de En Marea, para que non quedase fora da información, e buscou algunha declaración que tivese relación co motivo da lei que foi a que se incluíu na noticia.

A razón de que fose ese plano de escorzo é que a imaxe dos plenos ofrécena o Servizo de Audiovisuais do Parlamento de Galicia e esa foi exactamente o plano que tiñamos da súa realización, o que pode comprobarse pedindo a gravación dese día no Parlamento. Ese ‘total’, no argot xornalístico, extraído da intervención do portavoz era o único no que falaba da cuestión que se estaba a tratar.

O equipo de Televisión de Galicia non grava o ‘master’, xa que xa se traballa co sinal institucional. A cámara da TVG somentes grava imaxes de recursos, pezas co xornalista, ou calquera outra imaxe que se pida e que se produza dentro ou fora do hemiciclo. Esa foi a única razón de emitir ese plano do deputado de En Marea: non houbo intención de excluír ao grupo En Marea da información, a pesar de que o plano non sexa gráfica e narrativamente o mellor.

Por outra parte, non houbo tampouco intención de ocultar a imaxe dos deputados de En Marea vestindo as camisetas vermellas. Basta con repasar o resto da información parlamentaria dese día, a mesma nova do Telexornal Mediodía, para apreciar numerosos planos nos que se ve claramente aos parlamentarios deste grupo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24352
Data envío: 30/01/2018 09:19:54.929

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:19:50



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20087**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a incidencia que vai ter o proceso de dixitalización da RTVG na situación e condicións laborais do colectivo de operadores e montadores de vídeo”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Non existe ningún caso de relación directa entre a dixitalización da CRTVG e un axuste masivo do cadro de persoal nas canles que xa adoptaron esta metodoloxía de traballo hai uns anos. O que si debería preocupar é o futuro a dez anos porque se a CRTVG non se reposiciona para seguir sendo útil á sociedade no novo mercado, coas novas canles, si que xurdiría un serio problema que seguramente acarrearía axustes laborais severos, pero non pola dixitalización, senón pola falta de adaptación.

A Corporación Radio Televisión de Galicia acomete entre 2017 e 2018 un vital cambio tecnolóxico e de concepto e traballa para que o Plan de Dixitalización da Corporación, cun forte investimento en medios técnicos, e un plan formativo axeitado ás necesidades, sexa un éxito.

O plan de formación foi deseñado para que os profesionais teñan coñecemento das novas ferramentas. Pero tamén hai que ter en consideración que o coñecemento desas ferramentas non supón que se vaian desenvolver todas e cada unha das tarefas que se poden facer con elas, senón que as tarefas se levarán a cabo atendendo ás funcións propias de cada categoría profesional. Por exemplo, diversas categorías profesionais coñecerán a ferramenta ‘Media Composer’, pero cada categoría profesional desenvolverá tarefas diversas no mesmo.

O obxectivo dos itinerarios formativos é que os profesionais que vaian empregar unha nova ferramenta teñan coñecemento da mesma, sen que isto queira dicir que teñan que levar a cabo todo o que se lles explique da nova ferramenta. Así pois, as capacitacións nas que se está formando aos traballadores non teñen que determinar nin as súas funcións futuras, e menos aínda a clasificación profesional.

A clasificación profesional no seo da CRTVG está determinada no convenio colectivo e se determinará a través da negociación colectiva cos representantes dos traballadores. Por último sinalar, como xa se dixo en sede parlamentaria, que se garante a estabilidade do emprego nos operadores montadores de vídeo, polo que o seu futuro está garantido. A dirección da CRTVG a través da Dirección de Recursos Humanos ten unha relación fluída de intercambio de información cos representantes deste colectivo, e o Plan de Dixitalización non pon en perigo os seus empregos. Estase traballando para garantir os postos de traballo dunha categoría que por obsoleta vai desaparecer, e esta a facerse protexendo os postos de traballo.

A información por parte da empresa respecto do Plan de Formación é clara e extensa. Trátase dun proceso de formación contínua e por fases, organizado segundo as categorías profesionais e cuns prazos lóxicos e axustados ás necesidades reais. Lémbrese tamén que este plan formativo, que implica un importante esforzo organizativo para non interferir na produción diaria, facilita aos profesionais da CRTVG acceso gratuíto a un coñecemento valioso nas súas carreiras profesionais, e que ao seu remate recibirán un Diploma emitido por Telefónica.

No que respecta ao desenvolvemento do plan de formación e o seu material formativo, a plataforma Telefónica de España, S.A. confirmou que o habitual é o emprego do idioma inglés para o traballo nestes formatos. Aínda así, o marco global da plataforma e o menú principal foi traducido a galego. A presenza dos manuais só en inglés é mínima e só atinxe aos manuais do fabricante, non a formación e moito menos ao material que se distribúe nas clases.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24348
Data envío: 30/01/2018 09:19:15.616

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:19:10



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20088**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co tratamento informativo dado nos medios de comunicación públicos de Galicia aos casos de falsidade documental e corrupción”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre lembrar que as noticias non sempre chegan ás redaccións a tempo para seren incluídas nos informativos. Por exemplo, o primeiro teletipo de axencias coa información da condena en primeira instancia da señora Caldelas é das 15:37h dese día. Era materialmente imposible que esa noticia fose no Telexornal Mediodía. Ademais, o criterio informativo aplicado foi: era unha sentenza recurrible, en primeira instancia, dada por unha cuestión da vida privada e dos negocios privados dunha señora que xa non se dedica á política nin ten cargo público ningún, e que se estivera casada con calquera outro cidadán distinto do home co que está casada, probablemente non sería motivo dunha pregunta parlamentaria.

Por outra parte, que unha peza se emita en formato vídeo ou colas, non se elixe pola importancia da noticia, senón por unha morea de circunstancias que van desde a rapidez na súa elaboración ata a estética mesma do informativo ou a plasticidade da escaleta. É tamén un formato que realza as imaxes: o presentador pode calar durante a emisión, ou entrar máis tarde a ler mentres as imaxes gañan todo o poder. E ten toda a credibilidade de ser lida polo propio presentador, a máxima autoridade para a audiencia, o condutor principal do relato.

Unha sinxela busca na web da CRTVG demostra que, nos últimos dous meses e medio do ano pasado, os informativos incluíron preto de 40 noticias sobre as cuestións as que se refire a pregunta. Con 40 noticias de informativos, levadas logo á web, só en TVG, sen contar as da Radio Galega non se pode falar ocultación .

O día da comparecencia á que se fai referencia, os Telexornais centráronse en asuntos tan relevantes para Galicia como a comparecencia no Parlamento do Presidente da Xunta para dar conta do sucedido na trágica vaga de incendios, cuestión que consumiu boa parte do tempo de emisión, e que solicitou o seu voceiro parlamentario. Por outra banda, as noticias relacionadas con Cataluña estaban tamén en plena vangarda informativa, e ocuparon boa parte do Telexornal, ata o punto de que máis de 10 pezas que estaban preparadas para a súa emisión no TX-1 dese día quedaron desbotadas sobre a marcha.

A TVG non ocultou nada do substancial sobre o caso Gürtel á súa audiencia. Díxose que para a fiscalía quedou probado que o PP se beneficiou da trama e que se consideraba que a trama Gürtel fixera do suborno a cargos públicos do PP un modo de vida. Así vén recollido na web e nos telexornais do día 24 de outubro. E outra vez no Bos días do día 25. Díxose que a Fiscalía Anticorrupción asegura que o PP se beneficiou da Gurtel. Díxose que o xefe policial da Gurtel recoñecía no Congreso presións contra a UDEF. E que os xefes da trama Correa compareceron tamén en Valencia. Os servizos Informativos da TVG están informando puntualmente, e sen omitir nada sustancial, do que pasa nese e noutros casos relacionados co Partido Popular.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24347
Data envío: 30/01/2018 09:19:05.085

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:19:00



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:59
Nº Rexistro: 24644
Data envío: 31/01/2018 12:59:15.801

Data 31/01/2018 12:58

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 23559**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre **“a posta en funcionamento do novo servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No momento actual non saíu a licitación respecto ao servizo de cociña no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

A situación laboral do persoal que actualmente presta servizos na cociña do CHUO será a mesma que actualmente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:59
Nº Rexistro: 24644
Data envío: 31/01/2018 12:59:15.801

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 12:58:56

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 20910**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón García Sánchez, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para protexer a praia das Catedrais, no concello de Ribadeo, da masificación de visitantes”**, (publicada no BOPG número 223 do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia desenvolve unha promoción de todo o territorio galego facendo fincapé en novos produtos desestacionalizadores e sostibles, que teñan un impacto positivo sobre a economía galega. Mostra disto son os dez produtos cabeceira de marca, o desenvolvemento do turismo cultural ou do turismo de natureza.

Na praia das Catedrais desenvolveuse un fenómeno de gran popularidade para os turistas que levou a Xunta de Galicia a adoptar unha serie de medidas para protexer o recurso, ás persoas visitantes e facilitar o acceso ao mesmo en condicións de seguridade. As medidas desenvolvidas foron a adecuación e ordenación do entorno, a construción do aparcadoiro, servizos hixiénicos, etc. Especialmente limitouse o acceso nas tempadas de maior afluencia sen chegar a establecer un prezo polo acceso. Polo que as limitacións establecidas supuxeron unha mellora na experiencia da visita ao monumento natural e un maior nivel de seguridade.

Así mesmo, Turismo de Galicia elaborou e distribuíu un folleto con todas as posibilidades que A Mariña Lucense, e especialmente a costa, ofrece aos visitantes. O folleto titulado 'Alén das Catedrais' pretende distribuír os importantes fluxos turísticos atraídos polo monumento natural, por toda a comarca, salientando recursos naturais, culturais ou etnográficos. Pero especialmente facendo fincapé en que o fenómeno xeolóxico das Catedrais pode observarse noutros lugares desa mesma costa.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:45
Nº Rexistro: 24550
Data envío: 31/01/2018 09:45:13.695

De cara ao futuro estarase monitorizando a afluencia de visitantes co fin de adoptar as medidas que sexan necesarias tal e como se fixo ata agora.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: d824ae37-5ff4-9796-ad54-21b5aa6ab737

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:45
Nº Rexistro: 24550
Data envío: 31/01/2018 09:45:13.695

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:44:50



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727